

Programación Xeral Anual (P.X.A.)

Curso 2024/2025



Data aprobación: 16/10/2024



I.E.S. Lama das Quendas

R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es



ÍNDICE XERAL

1. DOCUMENTO 1: PLAN ANUAL	4
1.1. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO.....	4
1.1.1. <i>Actividades económicas</i>	4
1.1.2. <i>Tipoloxía das familias</i>	5
1.2. SERVICIOS PÚBLICOS SOCIOCULTURAIIS.....	5
1.2.1. <i>Servizos educativos</i>	5
1.2.2. <i>Servizos culturais</i>	5
1.2.3. <i>Servizos sociais</i>	7
1.2.4. <i>Servizos deportivos</i>	7
1.2.5. <i>Outros servizos</i>	7
1.3. SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO	8
1.4. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN	9
1.5. LIÑAS DE TRABALLO	14
1.6. MEDIDAS ORGANIZATIVAS	15
1.6.1. <i>Claustro de profesorado</i>	15
1.6.2. <i>Representantes do Consello Escolar</i>	16
1.6.3. <i>Comisións</i>	18
1.6.3.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.).....	18
1.6.3.2. Comisión da convivencia	19
1.6.3.3. Comisión Económica	20
1.6.3.4. Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico.....	21
1.6.3.5. Comisión da Biblioteca	21
1.6.4. <i>Relación de titores/as</i>	22
1.6.5. <i>Sección bilingüe</i>	23
1.6.6. <i>Programa de auxiliar de conversa</i>	24
1.6.7. <i>Actividades de inmersión lingüística</i>	24
1.6.7.1. Viaxe a Irlanda ou Malta	24
1.6.7.2. Programa presencial intercambios Escolares.....	25
1.6.8. <i>Biblioteca escolar</i>	32
1.6.9. <i>Orientación académica</i>	33
1.6.10. <i>Xunta de delegados/as</i>	34
1.6.11. <i>Equipo de Dinamización Lingüística</i>	34
1.6.12. <i>Actividades para a mellora da calidade do ensino</i>	35
1.6.13. <i>Calendario de avaliacións</i>	35
1.6.13.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato	35
1.6.13.2. Educación Secundaria de Adultos	36
1.7. RECURSOS HUMANOS.....	37

1.8.	RECURSOS ECONÓMICOS	38
1.9.	RECURSOS MATERIAIS	38
1.10.	ALUMNADO DO CENTRO.....	42
2.	DOCUMENTO 2: HORARIO XERAL DO INSTITUTO	44
3.	DOCUMENTO 3: ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	49
3.1.	COMEDOR.....	49
3.2.	TRANSPORTE ESCOLAR.....	49
4.	DOCUMENTO 4: DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO	51
4.1.	PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE	51
4.1.1.	<i>Persoal auxiliar administrativo.....</i>	<i>51</i>
4.1.2.	<i>Persoal subalterno.....</i>	<i>52</i>
4.1.3.	<i>Persoal de limpeza.....</i>	<i>53</i>
5.	DOCUMENTO 5: PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	54
6.	DOCUMENTO 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.....	64
6.1.	OBXECTIVOS.....	64
6.1.1.	<i>Obxectivos para o profesorado</i>	<i>64</i>
6.1.2.	<i>Obxectivos para o alumnado.....</i>	<i>65</i>
6.1.3.	<i>Obxectivos en relación ao entorno.....</i>	<i>65</i>
6.1.4.	<i>Obxectivos para mellorar a situación lingüística do centro.....</i>	<i>65</i>
6.2.	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS.....	66
6.2.1.	<i>Primeiro trimestre</i>	<i>66</i>
6.2.2.	<i>Segundo trimestre.....</i>	<i>68</i>
6.2.3.	<i>Terceiro trimestre.....</i>	<i>69</i>
6.2.4.	<i>Actividades para todo o curso</i>	<i>71</i>
7.	DOCUMENTO 7: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO	75
8.	DOCUMENTO 8: DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS.....	76
9.	ANEXO I: PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (P.E.C.)	77
10.	ANEXO II: CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO	78
11.	ANEXO III: PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	79
11.1.	INTRODUCCIÓN	79
11.2.	MEDIDAS ORDINARIAS	80
11.2.1.	<i>Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado</i>	<i>80</i>

11.2.2.	<i>Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.....</i>	80
11.2.3.	<i>Aula convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.....</i>	82
11.2.4.	<i>Reforzo educativo e apoio do profesorado</i>	83
11.3.	MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	84
11.3.1.	<i>Adaptacións curriculares.....</i>	84
11.3.2.	<i>Agrupamentos flexibles.....</i>	85
11.3.3.	<i>Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.....</i>	88
11.3.4.	<i>Programas de diversificación curricular (P.D.C.).....</i>	88
11.3.5.	<i>Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.</i>	90
11.3.5.1.	<i>Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.....</i>	90
11.3.5.2.	<i>Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.....</i>	91
11.3.5.3.	<i>Alumnado sometido a medidas de protección e tutela</i>	91
11.3.5.4.	<i>Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar</i>	91
12.	ANEXO IV: PLAN DE LECTURA ANUAL	92
13.	ANEXO V: DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	93

1. DOCUMENTO 1: PLAN ANUAL

1.1. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

1.1.1. Actividades económicas

As actividades económicas da zona de cobertura do centro dependen dos seguintes sectores:

Sector agrogandeiro: A gandería é un dinamizador económico de gran importancia. A cooperativa AIRA, que abrangue as cooperativas ICOS, Cogasar, Agris, Coelplan e Aira, é un referente no sector en Galicia, contando na actualidade con preto de 2500 socios. Conviven con este importante sector vacún pequenas explotacións de gando ovino.

No sector agrario compre destacar a produción de produtos ecolóxicos como a castaña, a cereixa e as mazás para a sidra, pero é a viticultura a que ocupa unha gran superficie do concello, incluída a zona de denominación de orixe *RIBEIRA SACRA*, sendo un motor de dinamización económica (24 adegas comercializan a súa produción neste concello). Tamén o cultivo en socalcos, único na comunidade, converte a zona nun importante atractivo turístico polas súas paisaxes e práctica da viticultura heróica.

A industria: O polígono industrial “*Os Aciuros*” aglutina gran parte da actividade económica de Chantada, contando coa presenza de diversas empresas relacionadas coa transformación de produtos agrarios (Castañas Naiciña, Sidrería Galega, etc...).

Outras empresas prestan servizo ás necesidades de empresas e particulares da comarca como Agrobotica, Gasolube, etc...

Sector servizos: Unha porcentaxe da poboación dedícase a traballar nos comercios, bares e restaurantes que hai na vila, na artesanía Téxtil e da madeira. É o sector maioritario que se mantén por adquisición do sector primario, e a pequena industria local.

Nos últimos anos, a empresa ***Hotusa***, relacionada co sector turístico, estableceuse cunha sede en Chantada, dando traballo a máis de 200 persoas.

1.1.2. Tipoloxía das familias.

O modelo familiar da meirande parte das familias é o tradicional, en moitos casos conviven varias xeracións da mesma familia no mesmo fogar, aínda que os cambios experimentados na sociedade provocaron a existencia de moitas familias monoparentais. Non obstante, son familias estables e enraizadas na comarca. Tamén hai moitas familias que regresaron das cidades por mor da crise, e outras procedentes de diversos lugares do estranxeiro (Venezuela, Colombia, Marrocos, ...). O nivel económico está na media rural da Comunidade Autónoma.

En canto ao ámbito cultural das mesmas, non contamos con datos obxectivos recentes que informen sobre este aspecto.

1.2. SERVIZOS PÚBLICOS SOCIOCULTURAIS.

Os servizos públicos dos que dispón o concello de Chantada son os seguintes:

1.2.1. Servizos educativos.

- Escola infantil “*O Parque*” (gardería municipal).
- C.E.I.P. Xoán de Requeixo.
- C.E.I.P. Eloísa Rivadulla.
- I.E.S. Lama das Quendas.
- I.E.S. Val do Asma.
- Escolas Municipais de Música e Danza.
- Centro de Protección de Menores.
- Centro de ASDEME.

1.2.2. Servizos culturais.

➤ **Biblioteca Municipal:** A Biblioteca Pública Municipal de Chantada, "Xohán de Requeixo", está aberta ao público desde xullo de 1968, e desde esa data cambiou de localización atopándose na actualidade na Casa da Cultura de Chantada, dividido os seus fondos en tres salas debido ao pouco espazo co que conta a casa. Existe unha sala infantil onde se pode atopar un amplo

fondo de libros infantís e xuvenís, ademais de libros de consulta e unha sección multimedia. Noutra sala de adultos está todo o fondo en galego e as novidades de castelán, así como a prensa e as publicacións periódicas. Por último, nunha terceira sala que se emprega tamén para actividades diversas, encóntranse o resto dos fondos.

En todo o edificio hai conexión WIFI, para que os usuarios se poidan conectar a internet, ademais de ter ordenadores de uso público, escáner e impresora. Na actualidade hai un fondo duns 10.000 volumes, rexistrado no programa Meiga, podéndose acceder ao catálogo a través de internet desde calquera ubicación.

A biblioteca é de uso público cos servizos de consulta en sala e préstamo a domicilio para o que é necesario ter un carné de socio. Durante o ano organízanse distintas actividades coincidindo con datas sinaladas, ademais das vacacións de verán e Nadal, onde se fai unha aposta polas actividades para os máis pequenos cuns resultados moi bos, posto que a gran maioría dos rapaces asistentes convértense en usuarios habituais para préstamo a domicilio.

Todos os anos intenta ter unha relación cos centros de ensino para obter o listado de libros de lectura recomendados de maneira que os rapaces poidan coller tamén os libros nesa biblioteca.

➤ **Casa da Cultura:** Na planta baixa está a oficina de Turismo, a oficina municipal de información ao consumidor e o Servizo de Normalización Lingüística, e na planta alta realízanse diferentes exposicións ao longo do ano.

➤ **Casa da Xuventude:** Dependente da Xunta de Galicia e é un centro público que intenta cubrir e dinamizar as necesidades informativas, recreativas, lúdicas e participativas, ao tempo que serve como punto de encontro para o intercambio, enriquecemento e debate de experiencias da xuventude, contando cunha infraestrutura axeitada para a realización de actividades de tempo libre e tamén para cubrir algunhas necesidades formativas contando cos seguintes servizos:

- Oficina de información xuvenil.
- Servizo de acceso gratuíto a Internet.
- Sala de xogos e sala de vídeo.
- Laboratorio fotográfico.
- Pequena biblioteca e hemeroteca.

1.2.3. Servizos sociais.

- C.I.M.: Centro de información á muller.
- Servizos de atención primaria do Concello.
 - ❑ As prestacións das que dispoñen son :
 - Programas de orientación, asesoramento e información.
 - Programa de axuda no fogar.
 - Programa de inserción social.
 - Programa de animación, prevención e cooperación local.
 - ❑ O equipo de traballo está constituído por: Traballador social, auxiliar administrativo, educador familiar e auxiliares de axuda no fogar.

1.2.4. Servizos deportivos.

- S.D.Chantada con equipos en varias categorías.
- Chantada Atlético.
- Escolas Deportivas de Chantada.
- C. Baloncesto Chantada.
- Escudaría Chantada.
- Piscinas municipais (climatizada e exterior).
- Club Ciclista Chantadino.
- Club Atletismo de Chantada.
- Club Chantadino de Xadrez.

1.2.5. Outros servizos.

- Centro da atención primaria do SERGAS.
- Asociación naturista de Galicia.
- Contos Solidarios.
- Asociación de Empresarios.
- Asociación para o fomento do Turismo Rural.
- Telecentro de Chantada: Espazo de servizos multimedia para o pobo de Chantada.

1.3. SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO

O I.E.S. Lama das Quendas como centro público sostido principalmente con fondos procedentes da Consellería de Educación, declárase defensor da ensinanza pública, dunha escola activa (aprender a aprender) e aberta, aconfesional e respectuosa coa diversidade cultural, racial, ideolóxica e coas crenzas relixiosas de cada un/unha, que promoverá a normalización da lingua galega, entendendo que tal feito implica unha maior riqueza cultural e máis posibilidades de achegamento á sociedade na que vivimos. O seu labor orientarase a una educación crítica, reflexiva, solidaria, humanizadora, tolerante e participativa.

A calidade do ensino que aspiramos conseguir implica:

- **Ensinanza útil para a vida**, para acadar a felicidade e adecuada as necesidades de cada usuario/a do centro.
- **Ensinanza para a vida en sociedade**, inxerida nas necesidades do medio máis próximo, pero que mire o conxunto dos problemas da humanidade.
- **Ensinanza en valores**, na que se aprenda convivindo de maneira responsables, solidariamente, libre e resolvendo os problemas mediante a cooperación.
- **Ensinanza democrática**, na que todos e todas desexemos e poidamos participar co interese que a nosa actividade merece xestionándoa democraticamente.
- **Ensinanza sen exclusións**, que intente obter o mellor e o máximo nivel posible de todas as persoas que participamos no proceso .
- **Ensinanza sen despilfarro**, que utilice responsablemente os recursos dos que dispoñemos, tanto os que nos son máis inmediatos como os da natureza.

1.4. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Os obxectivos xerais para o curso **2024/2025** serán os seguintes:

I) Obxectivo 1: Revisión e elaboración dos documentos de funcionamento do centro.

Obxectivos específicos	Liñas de actuación
1.1.- Revisión dos documentos de funcionamento do centro (PEC, NOFC, ...)	<ul style="list-style-type: none"> a) Organizar as CCP para estudar posibles propostas de mellora. b) Adaptar os documentos á normativa educativa. c) Presentar todas as propostas realizadas na CCP, Consello Escolar e Claustro para conseguir a participación de toda a comunidade educativa. d) Aprobar os documentos, e realizar extractos dos mesmos para informar á comunidade educativa.

II) Obxectivo 2: Desenvolver o Plan Dixital do centro.

Obxectivos específicos	Liñas de actuación
2.1.- Potenciar o uso da Aula Virtual/E-DIXGAL do centro por parte do profesorado e alumnado	<ul style="list-style-type: none"> a) Realizar unha enquisa ao alumnado sobre a dispoñibilidade de recursos (ordenador, tablet, internet,...) no seu domicilio. b) Explicar a planificación e metodoloxía de cada materia, e o seu funcionamento para o uso da Aula Virtual/E-DIXGAL. c) Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na Aula Virtual/E-DIXGAL. d) Planificación/estrutura das materias na Aula Virtual/E-DIXGAL. e) Avaliar o número de materias desenvolvidas na Aula Virtual/E-DIXGAL durante todo o curso.

<p>2.2.- Potenciar a transmisión de información entre o profesorado a través do correo electrónico corporativo</p>	<p>a) Realizar a comunicación de información relacionada co alumnado para as persoas titoras a través do correo electrónico.</p> <p>b) Comunicar os problemas relacionados co mantemento de equipamento informático a través do correo electrónico.</p> <p>c) Comunicar a programación de actividades extraescolares ou complementarias a través do correo electrónico.</p> <p>d) Comunicar os problemas relacionados co mantemento de edificios ou instalacións.</p> <p>e) Avaliar o número o número de profesorado que utilizou o correo electrónico para transmitir/recibir información relacionada co funcionamento do centro.</p>
<p>2.4.- Crear un repositorio de recursos no centro para empregar nas materias da aula virtual/E-Dixgal</p>	<p>a) Crear copias de seguridade das materias da aula virtual/E-Dixgal para usar no curso seguinte.</p> <p>b) Explicar ao novo profesorado do centro como pode empregar os recursos da materia do curso pasado. Informar sobre outros bancos de recursos dispoñibles na rede.</p> <p>c) Empregar as materias da aula virtual/E-Dixgal do curso anterior como base para crear a materia do novo curso.</p>
<p>2.5.- Aumentar a presenza dixital do centro mediante a páxina Web</p>	<p>a) Explicar ao alumnado a información que pode encontrar na Web do centro: actividades complementarias e extraescolares, horarios de clase, horarios de atención do profesorado, programación das materias, etc.</p> <p>b) Explicar ao profesorado a información que pode encontrar na Web do centro: actividades complementarias e extraescolares, reunións da CCP, Claustros, Consello Escolar, documentos para aprobar, calendario de avaliacións.</p> <p>c) Manter actualizada a información da Web do centro e a galería de fotos de actividades.</p> <p>d) Recoller suxestións sobre os contidos e estrutura que debe ter a páxina Web.</p>

III) Obxectivo 3: Mellorar a coordinación do profesorado.

Obxectivos específicos	Liñas de actuación
3.1.- Mellorar a coordinación dentro dos departamentos didácticos.	<ul style="list-style-type: none"> a) Establecer un plan anual de departamento. b) Realizar as reunións de departamento. c) Levantar actas das reunións. d) Informar á comunidade educativa das programacións mediante resumos. e) Establecer o mesmo tipo de exames para a mesma materia, sobre todo nas convocatorias extraordinarias. f) Establecer os mesmos criterios de avaliación para alumnado do mesmo nivel.
3.2.- Mellorar a coordinación entre o profesorado do mesmo nivel/grupo.	<ul style="list-style-type: none"> a) Potenciar o traballo por proxectos (nas materias e entre materias). b) Informar sobre o protocolo da aula de convivencia para actuar de maneira coordinada no mesmo grupo. c) Recalcar a importancia de revisar o correo electrónico, a páxina web e os taboleiros.
3.3.- Establecer un protocolo para recibir e informar ao profesorado novo.	<ul style="list-style-type: none"> a) Elaborar un plan de acollida para o profesorado novo ou establecer os pasos a seguir cando se incorpore ao centro.

IV) Obxectivo 4: Coordinación e cumprimento das funcións do equipo directivo.

Obxectivos específicos	Liñas de actuación
<p>4.1.- Dirixir os órganos de coordinación do centro (Claustro, Consello Escolar, ...).</p>	<p>a) Preparar a convocatoria coa orde do día de cada reunión. b) Entregar a documentación antes das reunións. c) Executar as decisións tomadas nas reunións.</p>
<p>4.2.- Controlar o respecto e cumprimento de normas superiores e das do centro.</p>	<p>a) Dar a coñecer a normativa educativa e as normas propias que regulan o funcionamento do centro. b) Velar polo seu cumprimento e actuar a nivel de centro en caso de incumprimentos leves. c) Informar á inspección educativa das faltas graves.</p>
<p>4.3.- Xestionar os recursos materiais e humanos do centro.</p>	<p>a) Asignar as funcións ao persoal do centro. b) Realizar o orzamento anual e velar o seu cumprimento. c) Actualizar os inventarios e coñecer as necesidades reais para realizar as peticións ou as compras oportunas. d) Velar polo coidado das instalacións e do material.</p>
<p>4.4.- Colaborar coa inspección educativa.</p>	<p>a) Planificar o curso coa Inspección Educativa. b) Colaborar no intercambio de información coa Inspección Educativa.</p>

V) Obxectivo 5: Traballar pola educación para igualdade entre mulleres e homes.

Obxectivos específicos	Liñas de actuación
5.1.- Fomentar a formación do profesorado.	a) Garantir a formación en temas de igualdade. b) Comunicar ao profesorado toda lexislación referida ao tema. c) Designar no Consello Escolar unha persoa que fomente medidas de igualdade. d) Revisar a linguaxe utilizada nas clases.
5.2.- Evitar os estereotipos sexistas nos documentos de funcionamento do centro	a) Revisar o proxecto educativo (PEC) e todos os documentos do centro para eliminar a linguaxe sexista. b) Revisar as programacións e o material didáctico de cada materia para eliminar estereotipos sexistas. c) Enriquecer o contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres. d) Diseñar actividades no plan de acción tutorial (PAT) para traballar os temas de igualdade.
5.3.- Fomentar a igualdade na organización do centro.	a) Procurar equilibrar a presenza de alumnos e alumnas nos distintos grupos. b) Intentar promover que os postos de delegad@ e subdelegad@ sexan compartidos por un alumno e unha alumna. c) Realizar actividades variadas non sexistas, que favorezan as relacións igualitarias entre alumnos e alumnas. d) Celebrar actividades en datas sinaladas, como por exemplo, o 8 de marzo (Día Internacional da muller). e) Promover a oferta de materias optativas que traballan a igualdade de xénero

Outros obxectivos, que forman parte do funcionamento ordinario do centro son:

- Coordinar a elaboración das programacións de ESO e Bacharelato, mediante a aplicación PROENS, con apartados comúns que reflectan o proxecto educativo de centro.
- Aplicar o texto consolidado da *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)* (B.O.E. Nº 106, 4 de maio de 2006) despois da súa última modificación, é dicir, da *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de*

Educación. (LOMLOE) (B.O.E. N° 340, 30 de decembro de 2020).

- Establecer protocolos de actuación para as medidas de atención á diversidade.
- Implicar ao profesorado no funcionamento do centro.
- Dinamizar o funcionamento da Xunta de Delegados.
- Continuar coa mellora do funcionamento da biblioteca do centro.
- Acadar o pleno desenvolvemento da personalidade dos/as alumnos/as.
- Propiciar no alumnado a adquisición dos hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como dos coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- Capacitar ao alumnado para o exercicio de actividades profesionais.
- Mellorar e manter as boas relacións coas institucións do entorno.

Para a consecución dos devanditos obxectivos seguiranse unhas liñas de traballo, tomaranse unha serie de medidas organizativas, e disporase dos recursos que se indican nos seguintes apartados.

1.5. LIÑAS DE TRABALLO

As liñas de traballo do centro serán:

1.- **Manter os trazos de identidade** do centro, establecidos no seu proxecto educativo, adaptándose ás novas realidades da sociedade.

2.- **Impulsar proxectos** que permitan unha nova forma de detectar problemas no centro, planificar estratexias de mellora e solucións, e avaliar o traballo realizado.

3.- **Traballar en equipo** dentro do propio grupo do equipo directivo e en todas as reunións que coordinen os seus membros. Coordinación, reparto de tarefas, achega de ideas, esforzo común nos obxectivos compartidos, redacción das actas dos acordos, ..., debe facerse mediante unha metodoloxía establecida.

4.- **Promover a participación** de toda a comunidade educativa, facilitando a comunicación entre os seus membros, potenciando os canles institucionais de participación, solicitando opinións e recollendo suxestións e iniciativas.

5.- **Apoiar as iniciativas** que xurdan dos membros da comunidade educativa que supoñan unha mellora para o alumnado ou para o funcionamento do centro.

6.- **Potenciar a convivencia e o bo clima de relacións** entre os membros da comunidade educativa, e traballar pola integración de todos os alumnos e alumnas, sen ningún tipo de exclusión.

1.6. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

1.6.1. Claustro de profesorado

Os membros do Claustro de Profesorado son os seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME
1	Álvarez Regal, Paula
2	Álvarez Rodríguez, Pablo
3	Ameigeiras González, Manuel
4	Campos Vaz, Francisco Luis
5	Carballo Varela, M ^a de la Paz
6	Castro Rodríguez, María
7	Conde Vázquez, Javier
8	Díaz Iglesias, Gladys
9	Domarco Dopazo, Gerardo
10	Eiros Rodríguez, Enrique
11	Espín Arias, Pablo
12	Fente Parada, Antonio
13	Fernández Vázquez, M ^a Paz
14	Gago Martínez, María
15	García Costa, Xosé Lois
16	Gómez Neira, María Asunción
17	Gómez Nogueira, M ^a Begoña
18	López Pérez, Juan Luis
19	López Tallón, Marta
20	Mariño Rodríguez, Ángela
21	Mendes Alonso, Noelia (<i>Substituta de Pereira Domínguez, Laura</i>)
22	Muñíos Conde, Arantxa
23	Muñoz Osorio, Beatriz

24	Núñez Méndez, Ricardo
25	Núñez Pereira, José Antonio
26	Ouro Gómez, Cristina
27	Penabade Outeiro, Gabriel (<i>Substituto de Villanueva Patao, María Belén</i>)
28	Pérez Gómez, Patricia
29	Rigueira Rey, Susana
30	Rodríguez González, Ángela
31	Rodríguez Iglesias, José
32	Rodríguez Pérez, Roberto
33	Rodríguez Puente, José Luis
34	Sampayo Fernández, María de la Paz
35	Sánchez Moure, María Sol
36	Sanmartín Varela, Luis Ángel
37	Santiso Arias, Andrea
38	Varela Pallas, Azucena
39	Vázquez Vaamonde, Raquel (<i>Substituta de Doval Fernández, Rosa María</i>)
40	Vázquez Vázquez, Juan Manuel
41	Villamisar Lamas, Lucía

As súas competencias están recollidas no artigo 129 do texto consolidado da **LOE** despois da súa última modificación, é dicir, da **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOMLOE)** (B.O.E. Nº 340, 30 de decembro de 2020).

1.6.2. Representantes do Consello Escolar

Hai que subliñar que durante este curso hai eleccións para elixir novos representantes. En concreto, hai que elixir a 6 representantes do profesorado (dous ocuparán dúas vacantes por dous anos), 2 representantes das familias (un ocupará unha vacante por dous anos), 2 representantes do

alumnado e outro do persoal non docente. O Concello de Chantada tamén debe nomear un representante.

A composición inicial do Consello Escolar será:

PROFESORES/AS
Espín Arias, Pablo
Fernández Vázquez, M ^a Paz
Gómez Nogueira, M ^a Begoña
Rodríguez Pérez, Roberto
Sampayo Fernández, M ^a de la Paz
ALUMNOS/AS
González Jorge, Vanessa (1º Bacharelato B)
Losada Fernández, Alicia (1º Bacharelato A)
Mazaira García, Andrea (1º Bacharelato A)
PAIS/NAIS
Fernández Ratón, Esmeralda
García García, Marta
P.A.S.
Rey Rodríguez, Sonia
REPRESENTANTE DO CONCELLO
Vázquez Caseiro, Belén
PRESIDENTE
Conde Vázquez, Javier
XEFE/XEFA DE ESTUDOS
Gómez Neira, María Asunción
Rodríguez Iglesias, José
SECRETARIA
Mariño Rodríguez, Ángela

As súas competencias están recollidas no artigo 127 do texto consolidado da **LOE** despois da súa última modificación, é dicir, da **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOMLOE)** (B.O.E. N° 340, 30 de decembro de 2020).

1.6.3. Comisións

1.6.3.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)

Os membros desta comisión son os seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	DEPARTAMENTO/CARGO
1	Álvarez Regal, Paula	Bioloxía e Xeoloxía
2	Campos Vaz, Francisco Luis	Filosofía
3	Carballo Varela, Mª de la Paz	Lingua Castelá e Literatura
4	Conde Vázquez, Javier	Director
5	Domarco Dopazo, Gerardo	Grego
6	Fente Parada, Antonio	Lingua e Literatura Galega
7	Gago Martínez, María	Francés
8	Gómez Neira, María Asunción	Xefa de Estudos Adultos
9	Gómez Nogueira, Mª Begoña	Orientación Educativa
10	López Tallón, Marta	Matemáticas
11	López, Pérez, Juan Luis	Xeografía e Historia
12	Mariño Rodríguez, Ángela	Economía
13	Núñez Méndez, Ricardo	Educación Física
14	Núñez Pereira, José Antonio	Tecnoloxía
15	Ouro Gómez, Cristina	Debuxo
16	Rodríguez Iglesias, José	Xefe de Estudos
17	Sampayo Fernández, María de la Paz	Inglés
18	Sánchez Moure, María Sol	Relixión
19	Sanmartín Varela, Luis Ángel	Física e Química
20	Santiso Arias, Andrea	Dinamización Lingua Galega
21	Vázquez Vaamonde, Raquel (<i>Substituta de Doval Fernández, Rosa María</i>)	Pedagogía Terapéutica
22	Vázquez Vázquez, Juan Manuel	Música Responsable biblioteca escolar

As súas competencias están recollidas no artigo 77 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de educación secundaria (D.O.G. Nº 156, 9–agosto–1996).

1.6.3.2. Comisión da convivencia

Estará integrado por:

Director	
<i>Javier Conde Vázquez</i>	
Xefe de estudos	
<i>José Rodríguez Iglesias</i>	
Orientadora-Persoa dinamizadora da convivencia no centro	
<i>M^a Begoña Gómez Nogueira</i>	
Representante do alumnado	
<i>Vanessa González Jorge</i>	
Representante pais e nais	
<i>Esmeralda Fernández Ratón</i>	
Representante do persoal non docente	
<i>Sonia Rey Rodríguez</i>	
Representantes do profesorado	
<i>Pablo Espín Arias</i>	<i>M^a Paz Fernández Vázquez (secretaria)</i>
<i>Roberto Rodríguez Pérez</i>	<i>Sampayo Fernández, M^a de la Paz</i>
Representante do concello	
<i>Belén Vázquez Caseiro</i>	

As funcións que deberá asumir a Comisión da Convivencia son:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

1.6.3.3. Comisión Económica

Integrada por :

- ▶ Director: ***Javier Conde Vázquez.***
- ▶ Secretaria: ***Marta Ferreiro Fernández.***
- ▶ Profesora: ***M^a de la Paz Sampayo Fernández.***
- ▶ Nai: ***Marta García García.***
- ▶ Alumna: ***Alicia Losada Fernández.***

Realizarase un reparto do orzamento entre departamentos baseado na presentación dun orzamento elaborado en base a prioridades. Seguirase a liña de anos anteriores en canto a unha xestión económica responsable e transparente. Entre as súas funcións estarán:

➤ Colaborar co/coa secretario/a do centro na elaboración da memoria económica do centro, do orzamento do centro e na avaliación de necesidades do centro, e presentar esta documentación ao Consello Escolar.

➤ Outras funcións que lle encomende o Consello Escolar no ámbito das súas competencias.

1.6.3.4. Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico

Está comisión estará composta por:

- ▶ Director: **Javier Conde Vázquez.**
- ▶ Xefe de Estudos: **José Rodríguez Iglesias.**
- ▶ Xefa do departamento de Orientación: **M^a Begoña Gómez Nogueira.**
- ▶ Titora do grupo de 2º ESO B: **Andrea Santiso Arias.**

As súas funcións serán:

- Informar a comunidade educativa sobre o sentido e a finalidade da avaliación de diagnóstico.
- Coordinar o proceso desta avaliación no centro.
- Colaborar coa Administración educativa e cos servizos de inspección naqueles aspectos do proceso para os cales sexa requirida.

1.6.3.5. Comisión da Biblioteca

Está comisión estará composta por:

- ▶ Xefe de Estudos que actuará como presidente: **José Rodríguez Iglesias.**
- ▶ Encargado da biblioteca que actuará como secretario: **Juan Manuel Vázquez Vázquez.**
- ▶ Representante do Concello: **Belén Vázquez Caseiro.**
- ▶ Profesora: **Fernández Vázquez, M^a Paz.**
- ▶ Nai: **Marta García García.**
- ▶ Alumna: **Andrea Mazaira García.**

As súas funcións serán:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.

- Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.
- Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do ámbito do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

1.6.4. Relación de titores/as

A asignación de titores/as para os diferentes cursos móstrase na seguinte táboa:

Nome e apelidos	Grupo
María Gago Martínez	1º E.S.O. A
Azucena Varela Pallas	1º E.S.O. B
Beatriz Muñoz Osorio	2º E.S.O. A
Andrea Santiso Arias	2º E.S.O. B
Cristina Ouro Gómez	3º E.S.O. A
Pablo Espín Arias	3º E.S.O. B
Luís Ángel Sanmartín Varela	3º P.D.C.
José Luís Rodríguez Puente	4º E.S.O. A
Ricardo Núñez Méndez	4º E.S.O. B
Antonio Fente Parada	4º P.D.C.
Francisco Campos Vaz	1º Bacharelato A
Mª Paz Carballo Varela	1º Bacharelato B
Paz Fernández Vázquez	2º Bacharelato A
Asunción Gómez Neira	2º Bacharelato B
Enrique Eiros Rodríguez	Módulo III/IV E.S.A.

1.6.5. Sección bilingüe

A sección bilingüe está implantada na materia troncal de opción *Economía*, impartida polo Departamento de Economía do centro.

O grupo de alumnado será de 1º curso de Bacharelato, que escolle a materia de Economía, e o idioma estranxeiro elixido para o desenvolvemento da sección bilingüe é o inglés.

O equipo de profesorado participante na sección bilingüe estará formado por:

- *Ángela Mariño Rodríguez* como profesora da materia de Economía de 1º de Bacharelato.
- O profesorado do departamento de Inglés, que impartirá a materia de inglés ao alumnado participante na sección bilingüe, coordinado por *Asunción Gómez Neira*.

Os **obxectivos** que se pretenden acadar co desenvolvemento da sección bilingüe nesta materia son os seguintes:

- a) Acadar os obxectivos e desenvolver os contidos especificados na programación didáctica da materia para primeiro de Bacharelato.
- b) Reforzar a aprendizaxe do inglés a través da incorporación parcial e progresiva desta lingua como vehículo de comunicación na materia.
- c) Facilitar a aprendizaxe de terminoloxía propia da materia en inglés.
- d) Practicar as destrezas de comprensión, fala, lectura e redacción na lingua inglesa. O inglés usarase para: dar certas instrucións ao alumnado, explicar certos contidos, presentar e resolver certas actividades, interpretar gráficas, busca de información en internet, ler de forma comprensiva diversos tipos de textos, o visionado de vídeos e a participación en xogos axeitados á materia, etc.
- e) Potenciar a habilidade e o interese do alumnado pola busca de información en inglés, fundamentalmente a través da internet.
- f) Mellorar as destrezas comunicativas na lingua inglesa, de forma escrita e oral, co fin de potenciar de forma desinhibida o uso da mesma tanto dentro coma fóra da aula.
- g) Potenciar a autonomía do alumnado para interpretar información subministrada en inglés, enriquecer o seu vocabulario e seguir mellorando na adquisición de destrezas neste idioma.

h) Fomentar a cooperación entre o alumnado e reforzar a autoestima do mesmo.

i) Fomentar que o alumnado coñeza e valore positivamente a diversidade lingüística e cultural, e a importancia do coñecemento dunha lingua estranxeira como facilitadora de intercambios persoais e culturais.

1.6.6. Programa de auxiliar de conversa

Durante este curso o centro terá asignado un auxiliar de conversa para o idioma de inglés, procedente do Reino Unido. O seu nome é Finbar O'sullivan, e participará na docencia no alumnado do centro segundo o seguinte calendario:

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45-9:35			2º Bacharelato B		
9:35-10:25	4º E.S.O. A	3º E.S.O. B	2º E.S.O. B	4º E.S.O. B	
10:25-11:15	1º E.S.O. A	1º Bacharelato A		2º E.S.O. A	
11:15-11:45	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
11:45-12:35	1º E.S.O. B		Economía 1º Bacharelato A/B	Reunión Coordinación	
12:35-13:25			3º E.S.O. A	Economía 1º Bacharelato A/B	
13:25-14:15			1º Bacharelato B		
16:15-17:05	2º Bacharelato A				
17:05-17:55	2º Bacharelato B				

1.6.7. Actividades de inmersión lingüística

1.6.7.1. Viaxe a Irlanda ou Malta

Desde o departamento de Inglés continuarase coa organización de actividades de inmersión lingüística, sendo a principal actividade que se desenvolverá este curso, a viaxe que se fará a Irlanda ou Malta, segundo as condicións da actividade, do 9 ao 16 de xuño de 2025.

Os obxectivos principais destas actividades son:

- Preparación lingüística do alumnado para garantir que posúan un dominio da lingua inglesa.
- Mellorar a competencia lingüística e fomentar a aprendizaxe de idiomas (inglés).
- Motivación do alumnado no que respecta á aprendizaxe dunha lingua estranxeira e á súa utilización como medio de comunicación.
 - Reclamo turístico e proxección internacional de Chantada e comarca.
 - Difusión da cultura e linguas galegas.
 - Valorar a lingua inglesa como instrumento de acceso á información e como ferramenta para a aprendizaxe de contidos, como medio de comunicación e promover a convivencia e integración entre todo o alumnado, evitando calquera tipo de discriminación ou estereotipo lingüístico e cultural.
 - Fomentar o traballo en equipo dos estudantes e docentes participantes.
 - Mellorar a autonomía do noso alumnado á hora de enfrontarse a situacións reais, como poden ser viaxar por traballo ou turismo, e fomentar un espírito crítico e libre de prexuizos.

1.6.7.2. Programa presencial intercambios Escolares.

Título

“Xuventude no rural”

Xustificación

O centro IES Lama das Quendas **sítuase** na contorna de Chantada, zona cuxa actividade económica é fundamentalmente agrogandeira e conta con algunhas empresas relacionadas coa transformación de produtos agrarios. En canto ao sector servizos podemos destacar o establecemento da sede HOTUSA, que dá traballo a máis de 200 persoas, empresa relacionada co sector turismo.

O modelo familiar da maior parte das familias é o tradicional, predominando a convivencia de varias xeracións no mesmo fogar, é estable e enraizado e o nivel económico atópase ca media do rural na Comunidade Autónoma.

O centro conta na actualidade con aproximadamente 280 alumnos, os cales se atopan con moitas desvantaxes con respecto a alumnos da cidade para o dominio dunha primeira lingua estranxeira, xa que non teñen acceso a actividades extraescolares en inglés, nin posibilidade de relacionarse con falantes nativos. Outra das dificultades que atopamos para que este alumnado alcance un dominio do primeiro idioma estranxeiro é o poder adquisitivo, é imposible para a maior parte das familias que os seus fillos complementen os estudos cunha inmersión lingüística no estranxeiro, xa que resulta moi custoso e a maioría non dispón de recursos económicos suficientes como para viaxar ao estranxeiro.

A participación neste programa formativo de inmersión lingüística facilitaría o acceso á maior parte do alumnado e garantiría a consecución do obxectivo de rematar os estudos tendo un dominio completo da primeira lingua estranxeira co aprendizaxe integral, é dicir, unha aplicación real en canto a estancia centrada na práctica do inglés por parte dos alumnos con monitores nativos, a convivencia con eles e a realización de múltiples actividades vivindo a lingua inglesa en primeira persoa nun contexto real de comunicación, e sendo conscientes e facendo transferencia coa vida real decatándose de que o que estudan no instituto ten sentido e aplicación. Axudaría tamén ao futuro da comarca, xa que o alumnado se orientaría ás posibles saídas profesionais turísticas relacionadas coas empresas existentes na súa contorna.

Descrición do proxecto

O alumnado e centros participantes terán que observar o seu entorno nunha área de incidencia (contorna de Chantada) no relativo a explotación vitivinícola tradicional e o crecente desenvolvemento de pequenas empresas familiares vinculadas co turismo rural, especialmente aloxamentos ligados ao Camiño de Inverno.

Dentro dos obxectivos que se analizarán no próximo punto, están principalmente a mellora da competencia en linguas estranxeiras do alumnado, a mellora da súa competencia dixital, poñer en valor os nosos recursos e entorno dando a coñecer a nosa cultura e patrimonio; fomentando así a interculturalidade, e as actividades tradicionais da zona.

Como produto final deste proxecto, levarase a cabo a redacción dun documento que presente un Plan de Negocio para unha empresa que desenvolva actividades de dinamización da zona de

Chantada relacionadas co redactado nos anteriores parágrafos. Tratarase da creación dunha empresa de marketing que teña como obxectivo principal a xestión da publicidade das empresas relacionadas coa viticultura e os aloxamentos rurais; poñendo en valor a conservación do noso medio e a realización das tarefas conservando a esencia tradicional das mesmas. Fomentarse tamén a cultura do relevo xeracional entre familiares nestas actividades e enfocarse a explotación destes pequenos negocios cara o turismo do Camiño de Inverno, tan en auge nos últimos anos. Un dos puntos clave deste proxecto serán as relacións interxeneracionais, tendo como obxectivo que a xuventude se acerquen a ese rural baleiro que se pretende recuperar e que na actualidade está afectando a Galiza interior.

O proxecto, ademais da redacción do Plan de negocio para a creación de dita empresa, consistirá na elaboración dun vídeo resumo do mesmo, que tamén incluírá as actividades que se leven a cabo no contexto do mesmo, e o traballo realizado por todo o alumnado xunto co tecido socioeconómico da zona (busca de información, visita a empresas, etc.).

Neste proxecto educativo participarán na súa maior parte o alumnado e o profesorado, pero tamén nais e pais, avós e avoas (principais testemuñas da nosa tradición), así como toda a comunidade educativa que o desexe.

A maioría das actividades serán levadas a cabo co alumnado do grupo determinado, que será o que participará nos talleres internacionais e no intercambio.

Participantes

- **Nivel:** alumnado de 1º Bacharelato/4º ESO.
- **Número de alumnado:** 12.
- **Centro de intercambio:** Liceo De Sanctis Galilei. Via Sorani, 33 -74024 Manduria (TA).
Cod. ministeriale: TAPC11000AC.

Obxetivos

- Mellorar a competencia na adquisición da lingua estranxeira do alumnado.
- Desenvolver autonomía de aprendizaxe reflexionando sobre os procesos de adquisición da lingua e interrelacionando as estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

- Valorar a lingua inglesa como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos como medio de comunicación e promovendo a convivencia e integración entre todo o alumnado, incluso alumnado que poida proceder de outro lugar, evitando calquera tipo de discriminación ou estereotipos lingüísticos e culturais.
- Establecer relacións entre aspectos culturais propios da nosa comunidade e outros máis relevantes de países con fala inglesa rexeitando estereotipos negativos.
- Mellorar a competencia Dixital do alumnado e profesorado.
- Poñer en valor os recursos naturais e patrimoniais de cada país.
- Comparar o uso e valor que en cada país se lle dá a eses recursos.
- Intercambiar experiencias docentes con outros países.
- Coñecer e poñer en práctica novas iniciativas por medio da observación.
- Fomentar o traballo en equipo do alumnado e profesorado participante, fomentando a reflexión e actitude crítica co que estamos a facer co nosos entorno nos países respectivos.

De maneira máis concreta e como actividades desenvolvidas nos últimos anos ao longo do curso académico no centro educativo destacamos:

- Asistencia a obras de teatro en fala inglesa.
- Taller dunha hora semanal dedicado a expresión oral.
- Saídas culturais a diferentes países europeos de fala inglesa.
- Semana de inmersión lingüística en Reino Unido ou Irlanda.
- Realización dun Talent Show en lingua inglesa.
- Actividades culturais na semana do San Patricio, Guy Fawkes Day, etc.
- Aproveitamento de voluntarios e peregrinos nativos que fan unha sesión de convivencia co alumnado.

Estas actividades de ensinanza-aprendizaxe axudan ao alumnado a consecución dunha elevada competencia lingüística no que se refire a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento e explicación das emocións. O dominio da lingua inglesa contribúe a adquirir o dominio na competencia lingüística de maneira directa completando a capacidade comunicativa do alumnado de maneira xeral.

Contribución da participación ao logro dos obxectivos da programación anual do centro

No caso de participar no proxecto EduExchanges contribuiríamos favorablemente na consecución dos seguintes fins e obxectivos establecidos na Programación Xeral do Centro como:

- Aplicación do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e o seu funcionamento.
- Potenciaríamos e consolidaríamos a sección da Escola Oficial de idiomas de Monforte de Lemos na especialidade de inglés.
 - Implicación do profesorado no funcionamento do centro.
 - Incidiríamos no traballo pola educación para a igualdade entre homes e mulleres.
 - Conseguiríamos o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
 - Propiciaríamos no alumnado a adquisición de hábitos intelectuais e de técnicas de traballo, así como dos coñecementos científicos, técnicos e humanísticos.
 - Capacitaríamos ao alumnado para o exercicio das actividades profesionais.
 - Manteríamos e incluso melloraríamos as boas relacións entre o centro educativo e as institución da contorna.

Relación de niveis e áreas ou materias do centro solicitante que se imparten en lingua inglesa

- A materia Inglés en ESO e Bacharelato,
- Sección bilingüe: Economía en 1º de Bacharelato.
- Programa CUALE: Niveis A1, A2, B1 e B2.
- Sección da EOI de Monforte: Niveis A1/2, B1, B2, C1.

Participación en programas relacionados coa estratexia galega de linguas estranxeiras 2030 edulingüe

- Sección bilingüe na materia de Economía no nivel 1º de Bacharelato.
- CUALE: Niveis A1, A2, B1 e B2.
- Programa de intercambio no ano 2010/11 co Centro Hjørring de Dinamarca.

Actividades e temporalización

DESDE A 1ª AVALIACIÓN ATA 31 DE XANEIRO.

- **ACTIVIDADE 0:** Distribución do traballo (como, quen, onde e cando se fai).
- **ACTIVIDADE 1:** Análise dos recursos existentes na zona (empresas relacionadas coa viticultura e o sector servicios, tipos de cultivo autóctonos, carencia de recursos, distribución da poboación, etc.). Recollida e análise dos datos recollidos. Compartiranse os resultados cos compañeir@s de intercambio, analizando os recursos en común que nos poden levar a un traballo conxunto.
 - **ACTIVIDADE 2:** Formación para o alumnado sobre as diferenzas entre as pequenas e grandes empresas a nivel xestión encamiñada a coñecer as obrigas e características do tipo de empresa que se pretende deseñar no Plan de Negocio.
 - **ACTIVIDADE 3:** Redacción do documento inicial do proxecto incorporando as principais conclusións cos datos obtidos na primeira actividade.

DO 1 DE FEBREIRO ATA O 28 DE ABRIL.

- **ACTIVIDADE 4 - EXTRAESCOLAR:** Visita á bodega Lareu situada en Sabadelle e ao aloxamento rural Pazo de Sabadelle. Charla-coloquio por parte dun adegueiro explicativa do proceso de elaboración do viño na zona.
- **ACTIVIDADE 5-EXTRAESCOLAR:** Visita á bodega Vía Romana e a casa de turismo rural Vistaboa situadas respectivamente en Belesar e Líncora .
- **ACTIVIDADE 6:** Posta en común das conclusións obtidas tras as visitas levadas a cabo, facendo fincapé nas diferenzas na forma de explotación das adegas no referente a súa forma de producir.

DO 28 DE ABRIL ATA O 31 DE MAIO.

- **ACTIVIDADE 7:** Redacción final do proxecto e preparación da exposición para toda a comunidade educativa.
- **ACTIVIDADE 8:** Elaboración dun vídeo resumo das conclusións obtidas e do traballo realizado polo alumnado.

- **ACTIVIDADE 9:** Exposición mediante videoconferencia ao alumnado dos centros involucrados.

Resultados

Elaboración dun documento que recolla o Plan de Negocio dunha pequena empresa afincada en Chantada, que xunte o sector vitivinícola e turístico realizando labores de publicidade e xestión para a mellora do sector socioeconómico da zona; impulsando que a xuventude coñeza a través do turismo as actividades de viticultura que contribúen unha parte importante dos ingresos económicos da zona, e fomentando que os mozos e mozas vexan a continuidade dos negocios familiares como unha saída profesional válida.

Presentación do traballo realizado a comunidade educativa cunha exposición e un vídeo resumo que inclúa todo o traballo realizado.

Avaliación

A avaliación do proceso e do produto final son as dúas claves deste apartado, o cal poderemos considerar analizando os seguintes ítems:

- a) O número de participantes de xeito continuado e activo nas actividades propostas.
- b) A implicación dos diferentes sectores educativos, especialmente do alumnado e o entorno cultural e tecido socio-económico que nos rodea.
- c) O número de xuntanzas realizadas en cada centro e por vídeo conferencia para debater as diferentes propostas, actividades.
- d) O número de actividades propostas e realizadas con éxito.
- e) A exposición e difusión do traballo realizado por parte do alumnado a tódalas entidades sociais.

Todo isto nos servirá para mellorar a nosa práctica docente, corrixir posibles erros, solucionar problemas imprevistos e valorar o éxito do proxecto de cara ao futuro.

Difusión

- Link público ao twinspace na páxina web de cada centro.
- Farase unha presentación do proxecto en cada centro participante.
- Tódalas actividades se subirán ao Twinspace, onde estará tamén o diario do proxecto.
- Daráselle publicidade na radio, TV e prensa local e internacional.
- En cada centro empregaranse os seguintes recursos para publicitalo:
 - Páxina web do centro
 - Blog e Aula virtual do centro.
 - Redes sociais (tendo en conta a idade do alumnado).
 - Panel informativo na entrada do centro.

Mantemento no tempo

O proxecto terá un link permanente e actualizado na páxina web do instituto.

1.6.8. Biblioteca escolar

A organización do profesorado da biblioteca é o seguinte:

Responsable da Biblioteca escolar: *Juan Manuel Vázquez Vázquez.*

Equipo da Biblioteca: Integrado por:

- *Juan Manuel Vázquez Vázquez.*
- Todos os profesores e profesoras que fan gardas de biblioteca: *Francisco Luis Campos Vaz, María Gago Martínez e María Teresa Vázquez Vázquez.*

O equipo da biblioteca realizará unha reunión semanal. As súas funcións serán:

- Participar xunto co responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitárllelos aos usuarios da biblioteca.

- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Elaborar un listado de adquisicións de material que recolla as suxestións dos diferentes departamentos, así como dos alumnos e alumnas, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos.
- Recoller as propostas do alumnado para desenvolver as actividades da biblioteca.
- Reunirse periodicamente para avaliar a consecución dos obxectivos previstos no Proxecto de Biblioteca e modificar o que sexa necesario.

1.6.9. Orientación académica

A orientación de estudos realizarase polo departamento de Orientación coordinado pola persoa orientadora do centro, dona *M^a Begoña Gómez Nogueira*, en colaboración cos/cas titores/as e co equipo directivo.

O departamento de orientación estará composto por:

- *M^a Begoña Gómez Nogueira*, orientadora do centro.
- *Raquel Vázquez Vaamonde (Substituta de Rosa María Doval Fernández)*, mestra de Pedagogía Terapéutica (P.T.).
- *Gabriel Penabade Outeiro*, profesor de Lingua e Literatura Galega.
- *M^a de la Paz Carballo Varela*, representante do ámbito social-lingüístico.
- *Marta López Tallón*, representante do ámbito científico-tecnolóxico.

Ademais, existirá unha reunión semanal na que participará a Xefatura de Estudos e os/as titores/as de cada grupo xunto coa persoa orientadora do centro para 1º e 2º de E.S.O., outra para 3º e 4º de E.S.O., e tamén para Bacharelato e E.S.A. Nestas reunións trataranse as actividades dos grupos, medidas acordadas, etc...

O período semanal asignado ás anteriores reunións, de non existir temas que tratar, dedicarase **a funcións de tutoría ou a colaborar co profesorado que nese momento se encontre de garda.**

O Plan de tutoría contempla actividades para a hora semanal lectiva de tutoría. Nela trátanse temas comúns para todos os cursos, como a elección de delegado, preparación das sesións de

avaliación, autoavaliación do alumnado, información sobre temas de saúde (as drogas, o tabaco), etc...

1.6.10. Xunta de delegados/as

Tratarase de potenciar a xunta de delegados/as para que a través dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar colaboren no bo funcionamento do centro. As súas funcións están recollidas no Decreto 324/1996, título V.

1.6.11. Equipo de Dinamización Lingüística

Estará formado polos seguintes membros da comunidade educativa:

Coordinador	Andrea Santiso Arias	
Profesorado	Antonio Fente Parada Cristina Ouro Gómez Azucena Varela Pallas Lucía Villamisar Lamas Juan Luis López Puente	
Persoal non docente	Sonia Rey Rodríguez	
Alumnado	Antía Hermida Meilán (2º ESO A) Antía Rodríguez Carballo (2º ESO A) Aroa Noguerol Gómez (2º ESO A) Claudia Carballal Marqués (2º ESO A) Emma Gay Seijas (2º ESO A) Javier Enríquez Méndez (2º ESO A) Lois Losada Arias (2º ESO A) Manel López López (2º ESO A) María Areán Vázquez (2º ESO A) Marta Varela Abet (2º ESO A) Pablo Rodríguez Pérez (2º ESO A)	Sara Alcántara de León (2º ESO A) Xiana Otero Porto (2º ESO A) Leo López Valdés (2º ESO B) Samuel Novoa Vázquez (2º ESO B) Elena Jorge Ledo (2º ESO B) Esteban Otero Méndez (2º ESO B) Pablo Eyré Fernández (2º ESO B) Eric Ledo Fidalgo (2º ESO B) Teixo Ocaña Moure (2º ESO B) Alan Pérez Lima (4º PDC) Érika Fernández González (4º PDC) Thomas Hortua Rivera (4º PDC)

Continuará a súa tarefa a prol da lingua galega, coas dificultades económicas derivadas do descoñecemento da subvención que se recibirá para o curso, aínda que o centro aportará recursos económicos para realizar as actividades programadas.

1.6.12. Actividades para a mellora da calidade do ensino

Debido á existencia de distintos plans e proxectos no centro (Proxecto Lector, Plan T.I.C., Plan de Convivencia, Proxecto EDIXGAL, ...) algúns membros do profesorado, dentro do seu horario lectivo ordinario e horas complementarias fixas, realizarán as seguintes funcións:

- ***Coordinador de tecnoloxías da información e comunicación:*** Roberto Rodríguez Pérez.
- ***Coordinador do Proxecto E-DIXGAL:*** José Antonio Núñez Pereira.
- ***Coordinador de biblioteca:*** Juan Manuel Vázquez Vázquez.
- ***Coordinadora de benestar e convivencia:*** M^a Begoña Gómez Nogueira.

1.6.13. Calendario de avaliacións

O alumnado e as familias poderán coñecer os criterios de avaliación que cada departamento didáctico dentro da respectiva programación da materia elabora ao comezo do curso. Todas as programacións didácticas do centro están a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas> no bloque de "**departamentos**".

1.6.13.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

Ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial para o alumnado de E.S.O., os días 4 e 5 de outubro de 2023. Posteriormente, para ESO e Bacharelato existirán tres avaliacións ordinarias e unha final ordinaria. No caso de Bacharelato existirá unha avaliación extraordinaria. A proposta de calendario para estas dúas ensinanzas sería a seguinte sería:

Avaliación inicial

3 e 4 de outubro de 2024.

1^a Avaliación

- 4 de decembro 2024 para Bacharelato.
- 18 e 19 de decembro 2024 para E.S.O.

2ª Avaliación

- 13 de marzo 2025 para Bacharelato.
- 9 e 10 de abril 2025 para E.S.O.

3ª Avaliación, avaliación final ordinaria e extraordinaria

- 2º Bacharelato: Segundo instrucións da CIUG (tamén avaliación extraordinaria).
- 10 de xuño de 2025: 1º Bacharelato (3º avaliación-avaliación final ordinaria).
- 23 e 24 de xuño de 2025: - ESO (3º avaliación- avaliación final).
- 1º Bacharelato (avaliación extraordinaria).

As datas da avaliación final ordinaria para E.S.O. e Bacharelato, así como a extraordinaria de Bacharelato, someteranse á aprobación dun claustro no último trimestre do curso, tendo en conta o calendario establecido para o alumnado de 2º de Bacharelato para as probas de selectividade.

1.6.13.2. Educación Secundaria de Adultos

No caso de Educación Secundaria de Adultos, o calendario sería o seguinte:

Avaliación Inicial

O alumnado que non acredite estudos terá unhas probas de avaliación inicial nas datas:

- 11, 12 e 13 de setembro de 2024 para o primeiro cuadrimestre.
- 20, 21 e 22 de xaneiro de 2025 para o segundo cuadrimestre.

1ª Avaliación

- 14 de novembro 2024 para o primeiro cuadrimestre.
- 10 de abril 2025 para o segundo cuadrimestre.

Avaliación final

- 13 de febreiro de 2025 para o primeiro cuadrimestre.
- 10 de xuño de 2025 para o segundo cuadrimestre.

Avaliación extraordinaria

- 7 de maio de 2025 para o primeiro cuadrimestre.
- 23 e 24 de xuño 2025 para o segundo cuadrimestre.

1.7. RECURSOS HUMANOS.

O cadro de persoal está composto por **41 profesores/as e mestres/as**. De todo o profesorado de secundaria 25 persoas teñen destino definitivo, dúas persoas está en comisión de servizos, 1 é permuta, tres persoas son funcionarias en expectativa de destino, unha é funcionaria en prácticas e 7 son interinos/substitutos, das cales 5 están a media xornada. Ademais, traballan no centro 1 profesora de Relixión, e unha mestra con destino definitivo de Pedagogía Terapéutica.

Polo que respecta as gardas en períodos lectivos, durante este curso, cumprírase o obxectivo de que en cada período lectivo do horario de E.S.O. e Bacharelato existan polo menos dous/dúas profesores/as de garda. Nesta situación, a “aula de convivencia”, estará atendida correctamente, polo que o protocolo establecido polo centro en principio podería levarse a cabo sen problemas.

Con respecto ao *persoal non docente*, o centro conta con dúas persoas para a limpeza do centro, con xornada completa, e outra a media xornada.

As dúas conserxes repártense a xornada de mañá e a de tarde, e na secretaría do centro existe unha persoa traballando de auxiliar administrativo que en momentos puntuais do curso é insuficiente para o bo funcionamento do centro.

1.8. RECURSOS ECONÓMICOS

En canto aos recursos económicos sinalar que a partida orzamentaria asignada ao centro para gastos de funcionamento do ano 2024 reducíronse en 1.185 € con respecto ao ano anterior. O orzamento para estes gastos foi de **67.832€**.

Ademais, o centro recibirá unha partida orzamentaria correspondente ao Plan de Mellora de Bibliotecas, que se sumará aos fondos aportados polo propio centro para seguir potenciando a nosa biblioteca. Tamén se recibe una partida anual do fondo social europeo para os **programas de diversificación curricular**. Existen outros ingresos por fotocopias, uso das instalacións, excursións, etc., ou os recibidos polas diversas actuacións levadas a cabo no centro en mellora da calidade educativa.

Durante os anos 2023 e 2024 o centro recibiu dúas partidas de 28.100 euros cada unha, para o plan de capacitación dixital para persoas adultas, que permitiu montar dúas aulas de informática completamente novas tanto en mobiliario como en instalacións e equipos informáticos, impartindo 6 cursos a persoas adultas,

Establécese un orzamento medio por departamento de **300 €** para material que sexa necesario para desenvolver as actividades do mesmo durante o ano. Isto non implica que se non poida aumentar esta cantidade se as necesidades o aconsellan.

Durante o mes de xaneiro de 2025 someterase ao Consello Escolar a aprobación da memoria económica anual do ano 2024 e do orzamento para o ano 2025.

1.9. RECURSOS MATERIAIS


Para o actual curso mantense unha *aula multimedia* con 16 ordenadores e outra de *informática* con 24 ordenadores. Na aula de desdobre 6, no edificio anexo, tamén existirán 24 ordenadores. Nos tres casos o equipamento é totalmente novo. Tamén seguirá funcionando un *Laboratorio de Idiomas* equipado con capacidade para 30 alumnos/as. A biblioteca escolar disporá de 10 ordenadores. Nas aulas de E.S.O. levarase a cabo o proxecto E-DIXGAL, que supón a implantación definitiva do libro dixital en moitas das materias desta ensinanza. Este curso

instaláronse en todas as aulas de referencia dos grupos unha pantalla dixital interactiva, e no resto de aulas existirán encerados dixitais interactivos (EDI). É por iso polo que neste caso deberase prestar especial atención a que se respecten as normas en canto ao coidado do material e instalacións do centro.


Tamén seguirá operativa a *aula de convivencia*.

A distribución das aulas móstrase nos seguintes planos:

Planta baixa - Edificio principal




Planta primeira - Edificio principal




Planta baixa - Edificio anexo



Planta primeira - Edificio anexo



Pavillón



Desde a dirección do centro seguirase na procura de inversións da Xefatura Territorial de Educación para a mellora dos edificios. **Este curso, despois do Nadal, rematará a construción do novo salón de actos.**

Os espazos comúns, como poden ser a biblioteca, a aula de audiovisuais, a aula de proxección e o salón de actos, xunto cos seus recursos técnicos (ordenadores, videoproectores, televisións, proxector de transparencias, etc...), estarán á disposición de toda a comunidade educativa, e para a súa utilización deberase cubrir unha táboa de reserva que se elaborará por trimestre.

Os medios técnicos situados nas aulas ordinarias poderán ser utilizados polos/as profesores/as cando impartan clases nelas. En cada aula existirá un armario onde se poderán gardar o ordenador portátil ou calquera outro material que se considere oportuno. Eses armarios terán a mesma chave, da cal poderá ter copia todo o profesorado que o desexe. É moi importante que o profesorado vele polo correcto uso deste material, así como que vixie que o alumnado o respecte e o considere como algo propia da súa clase.

Aquelas aulas específicas de cada materia (Música, Idiomas, Debuxo, Informática, etc...), salvo excepcións, serán de uso exclusivo do departamento correspondente.

A aula multimedia considerarase como un espazo común e para utilizala haberá que reservala nunha táboa trimestral. Non obstante, o feito de que todo o alumnado de ESO dispoña dun portátil, debido ao proxecto E-DIXGAL, fai que esta aula sexa case de uso exclusivo para o alumnado de Bacharelato ou ESA. Sería importante que o profesorado conciba este espazo, non coma un aula de informática, senón como un lugar onde se combine o traballo cos ordenadores co traballo típico dun aula normal, xa que a disposición do mobiliario deste aula así o aconsella.

Calquera problema que exista no manexo dos recursos T.I.C. ou nos espazos onde se encontran estes recursos será comunicado ao responsable das T.I.C. do centro, e a ser posible, deberase comunicar por escrito mediante o impreso correspondente, ou tamén ao responsable do proxecto E-DIXGAL, no caso de que a incidencia estivera relacionada con este proxecto.

1.10. ALUMNADO DO CENTRO.

No curso 2024/2025 a distribución do alumnado do noso centro é a seguinte.

Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)		
ENSINANZA	Nº DE GRUPOS	Nº DE ALUMNOS/AS
1º E.S.O.	2	48
2º E.S.O.	2	54
3º E.S.O.	2 (+PDC)	37(+9)
4º E.S.O.	2 (+PDC)	41 (+10)

Bacharelato			
ENSINANZA	Nº DE GRUPOS		Nº DE ALUMNOS/AS
1º Bacharelato	2	Científico-Tecnolóxico	30
		Humanidades e Ciencias Sociais	17
2º Bacharelato	2	Científico-Tecnolóxico	23
		Humanidades e Ciencias Sociais	12

Este curso en 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria continuarán as medidas de reforzo con alumnos/as que presentan grandes dificultades de aprendizaxe, entre as que están os agrupamentos flexibles nas materias de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá. Tamén en estes dous cursos aplicaremos a exención da segunda lingua estranxeira ao alumnado con dificultades na área de lingua. Por último, este curso existirá un grupo en 3º de ESO e outro en 4º de ESO do Programa de Diversificación Curricular (P.D.C.).

En canto ás ensinanzas de adultos teremos o seguinte:

Formación básica adultos		
ENSINANZA	Nº DE GRUPOS	Nº DE ALUMNOS/AS
Formación Básica Inicial	0 (suprimido)	0
Educación Secundaria para Adultos (E.S.A.)		
ENSINANZA	Nº DE GRUPOS	Nº DE ALUMNOS/AS
Módulo I/II	0 (suprimido)	0
Módulo III/IV	1	10 (faltan módulo IV)

Ademais para adultos teremos a ensinanza non regrada “Galego e castelán para inmigrantes”, con un grupo de 14 persoas (que normalmente vai aumentando a medida que avanza o curso). Este tipo de ensinanzas abordan contidos e habilidades lingüísticas de grande interese para estas persoas inmigrantes, que non buscan á obtención dun título académico, xa que moitos xa o teñen, senón un coñecemento das nosas linguas.

Referente ás ensinanzas de idiomas, o centro pertence a rede de centros autorizados no Programa Cuale tendo a seguinte distribución do alumnado:

Programa Cuale-Inglés		
ENSINANZA	Nº DE GRUPOS	Nº DE ALUMNOS/AS
A1	1	22
A2	1	11
B1	1	7
B2	1	10

Por último, este curso continúa a oferta da sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte, existindo varios grupos para o idioma Inglés (A1, A1/A2, B1, B2.1, B2.2, C1.1). Tamén existirán monográficos en inglés.

O alumnado para estas ensinanzas repártese da seguinte maneira:

Grupo y nivel	Alumnado
Nivel A1	3
Nivel A1-A2	7
Nivel B1-Grupo 1	3
Nivel B1-Grupo 2	4
Nivel B2.1	4
Nivel B2.2.	8
Nivel C1.1	5
Monográficos – Grupo 1 e 2	5
Total alumnado	39

2. DOCUMENTO 2: HORARIO XERAL DO INSTITUTO

Durante o curso 2024/2025, na **ESO e no Bacharelato**, as actividades lectivas realizaranse entre os *días 11 de setembro de 2024 ao 20 de xuño de 2025*, ambos os dous inclusive. Non obstante, para o 2º curso de Bacharelato as actividades lectivas rematarán de acordo coas datas previstas para as probas de selectividade.

O Concello Escolar, a proposta do claustro de profesores/as, elixiu como día no lectivo o *2 de maio de 2025*, non podendo elixir outro día xa que o *18 de outubro de 2024 é festivo local*.

As clases desenvolveranse segundo o esquema de xornada continuada de 8:45 horas a 14:15 horas todos os días, cun total de seis períodos lectivos de 50 minutos entre os que se intercala un período de lecer de 30 minutos. Nas tardes do luns de 16:15 horas ás 17:55 horas hai dúas sesións lectivas para E.S.O. e Bacharelato. Todas estas ensinanzas teñen 32 períodos lectivos.

O alumnado de **E.S.A.** ten as súas clases en xornada de tarde de 18:00 horas a 22:00 horas, de luns a xoves, cun período de lecer de 15 minutos (de 20:15 horas ás 20:30 horas). Os períodos lectivos serán de 45 minutos.

Para o caso da enseñanza non regrada “*Castelán e Galego para Inmigrantes*” impartirase os martes, con dous períodos lectivos de 45 minutos (de 18:45 horas a 20:15 horas).

O **programa CUALE** é un programa de formación complementaria en linguas estranxeiras que ten como obxectivo preparar o alumnado e o profesorado para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, e polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.

No noso centro impártese o Inglés, e o horario móstrase na seguinte táboa:

<i>Hora/Día</i>	Luns	Martes	Mércores	Xoves
16:15 h-17:00 h			<i>Inglés Cuale A1</i>	<i>Inglés Cuale A2</i>
17:00 h-17:45 h			<i>Inglés Cuale A1</i>	<i>Inglés Cuale A2</i>
18:00 h-18:45 h	<i>Inglés Cuale A1</i>		<i>Inglés Cuale B1/B2</i>	<i>Inglés Cuale B1/B2</i>
18:45 h-19:30 h	<i>Inglés Cuale A2</i>		<i>Inglés Cuale B1/B2</i>	

Para os grupos da sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte, o horario de cada nivel será de 120 minutos dous días á semana, de luns a xoves, en horario de tarde, segundo o seguinte cadro:

OFERTA GRUPOS INGLÉS SECCIÓN CHANTADA CURSO 2022-2023			
Código do grupo	Curso e nivel	Horario	Días da semana
IN-A1-1	Nivel Básico A1	19:30 – 21:30	Martes-Xoves
IN-A1-A2-1	Nivel Básico A1 e A2	16:30 – 18:30	Luns-Mércores
IN-B1-1	Nivel intermedio B1	16:30 – 18:30	Martes-Xoves
IN-B1-2	Nivel intermedio B1	19:30 – 21:30	Martes-Xoves
IN-B2.1-1	1º Curso Nivel Intermedio B2	17:30 – 19:30	Luns-Mércores
IN-B2.2-1	2º Curso Nivel Intermedio B2	19:30 – 21:30	Luns-Mércores
IN-C1.1-1	1º Curso Nivel Avanzado C1	19:30 – 21:30	Martes-Xoves

En canto aos monográficos da EOI, tense o seguinte:

Idioma	Nome do curso	Nivel	Duración (horas)	Horario	Día da semana
Inglés	Destrezas orais e escritas	A1-A2	30	18:30 – 19:30	Mércores
Inglés	Destrezas orais e escritas	B2-C1	30	18:30 – 19:30	Martes

O calendario escolar para este curso é o seguinte:

CALENDARIO ESCOLAR 2024/2025

SETEMBRO 2024							OUTUBRO 2024							NOVEMBRO 2024							DECEMBRO 2024												
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do						
						1		1	2	3	4	5	6		4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15							1
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	2	3	4	5	6	7	8	
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	16	17	18	19	20	21	22	
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30								23	24	25	26	27	28	29
30																										30	31						

XANEIRO 2025							FEBREIRO 2025							MARZO 2025							
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	
		1	2	3	4	5						1	2							1	2
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	3	4	5	6	7	8	9	
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	10	11	12	13	14	15	16	
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	17	18	19	20	21	22	23	
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28			24	25	26	27	28	29	30	

ABRIL 2025							MAIO 2025							XUÑO 2025							
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	
		1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	
28	29	30					26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29	

TOTAL DÍAS LECTIVOS: 176
 Primeiro trimestre: 69 días
 Segundo trimestre: 65 días
 Terceiro trimestre: 42 días




I.E.S. Lama das Quendas
 R./ Uxío Novoneyra s/n
 27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 - Fax: 982870233
 www.edu.xunta.gal/centros/ies.lamaquendas
 ies.lamaquendas@edu.xunta.es

11 setem bro-2024	Comezo do curso
20 xuño-2025	Remate das clases
18-outubro 2024 e 2 de maio de 2025	Días non lectivos do centro
31 outubro-2024	Día do ensino

21 decem bro-2024 ao 7 xaneiro-2025	Festas de Nadal
3, 4, 5 marzo-2025	Entroido
12 ao 21 de abril-2025	Semana Santa
	Días lectivos

A secretaría desde o 1 de setembro ao 30 de xuño ten horario de atención ao público desde as 08:45 horas ás 14:15 horas. O horario de verán será desde as 10:00 ás 13:00 horas. Durante os meses de xullo e agosto o centro aproveitará para facer as reparacións de mobiliario e instalacións necesarias.

A biblioteca permanecerá aberta 18 períodos lectivos e 5 do recreo. Nos recreos facilitarase os préstamos de libros e consultas. O Horario será o seguinte:

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45 h-9:35 h		María Gago Martínez			Reunión Biblioteca
9:35 h-10:25 h	Francisco Campos Vaz		María Gago Martínez	Francisco Campos Vaz	
10:25 h-11:15 h	Francisco Campos Vaz	María Gago Martínez	Mª Sol Sánchez Moure	Juan Manuel Vázquez Vázquez	María Gago Martínez
Recreo	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez
11:45 h-12:35 h	María Gago Martínez	Francisco Campos Vaz	Mª Sol Sánchez Moure	Francisco Campos Vaz	
12:35 h-13:25 h		Francisco Campos Vaz			Mª Sol Sánchez Moure
13:25 h-14:15 h	María Gago Martínez				
16:15 h-17:05 h	Mª Sol Sánchez Moure				

Fóra do horario lectivo, o pavillón do centro pode ser utilizado por persoas ou organizacións que o soliciten por escrito, despois da correspondente aprobación por parte do Consello Escolar. Este curso a única solicitude é a presentada polas **Escolas Deportivas do Concello**. As condicións xerais que se deben cumprir son as seguintes:

- *Deberanse utilizar adecuadamente as instalacións, e polo tanto as persoas que usen o pavillón deberán cambiar o calzado, non se permite a entrada de bicicletas ou motos, deberase ter coidado con botar lixo no chan, non se permite fumar nin comer, etc....*
- *As instalacións deberán quedar limpas e ordenadas para o uso do alumnado do centro.*
- *Asumirase por escrito a responsabilidade de costear os danos ocasionados. Para elo terase que realizar un seguimento dos danos ocasionados, de maneira que se estableza claramente o responsable deses danos entre os diferentes usuarios do pavillón, para que asuma o custo do arranxo correspondente. Eses danos deberán ser comunicados o antes posible á dirección do centro.*
- *Non se permite realizar copias das chaves das instalacións.*
- *Os responsables da actividade deberán contar cun seguro de responsabilidade civil polos danos físicos ocasionados aos usuarios durante a realización das actividades.*

No caso das **escolas deportivas do Concello de Chantada**, ao solicitar o pavillón moitas horas, incluídos fins de semana, e en compensación dos gastos que se poidan ocasionar en auga, luz e outros, estas asumen outras condicións coma:

- *Realizarase unha limpeza e mantemento do recinto exterior arredor dos distintos edificios dos que consta o centro (edificio principal, edificio anexo e pavillón), cando sexa necesario.*
- *Limparase o pavillón de maneira que o alumnado do centro o encontren en boas condicións a primeira hora de cada día lectivo, sobre todo os fins de semana.*
- *Os rapaces e rapazas das escolas deportivas deberán estar sempre acompañados por un monitor ou monitora.*

O calendario inicial das escolas deportivas para o uso do pavillón este curso académico móstrase a continuación:

IES Lama das Quendas							
	L	M	Me	X	V	S	D
15:30	X						
16:00							
16:30		PATINAXE 1	Fútbol Sala Benxamín 1º ano	PATINAXE 1	Patinaxe Artística e DEPORTE ESCOLAR DA XUNTA DE GALICIA	DEPORTE ESCOLAR DA XUNTA DE GALICIA	DEPORTE ESCOLAR DA XUNTA DE GALICIA
17:15		PATINAXE 2	Fútbol Sala Benxamín 2º ano/Volei	PATINAXE 2			
18:15	Patinaxe Artística. G1(18:00 h)	Fútbol Sala Prebenxamín	Voleibol	Fútbol Sala Prebenxamín			
19:30	Patinaxe Artística. G2(19:00 h)	LIMPEZA	LIMPEZA	LIMPEZA			
20:00	LIMPEZA	X	X	X	20:30		
21:00					Fútbol Sala Veteranos		
22:00	X	X	X	X			



3. DOCUMENTO 3: ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

3.1. COMEDOR.

Ese curso académico están utilizando o servizo de comedor **19 alumnos/as** da E.S.O. Este servizo darase só os luns.

O alumnado será transportado ao I.E.S. Val do Asma de Chantada onde comería todos os luns. Desde as 14:15 horas ata as 16:15 horas sempre estarán acompañados por coidadores ou coidadoras contratados/as para tal fin, xunto coa dirección do centro.

3.2. TRANSPORTE ESCOLAR.

As rutas do transporte escolar corren a cargo de dúas UTE (Unións Temporais de Empresas), e realízanse todas no servizo integrado de transporte, cuxos contratos son xestionados pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Nelas viaxan **71 nenos e nenas** da E.S.O., aínda que en ocasións algún deste alumnado é transportado polos seus pais ou nais. O alumnado de Bacharelato que queira viaxar neste transporte, tivo que solicitar a tarxeta de transporte público “*Tarxeta Xente Nova*” nas oficinas de Abanca.

Coma todos os cursos hai que prestar atención especial ao servizo de transporte escolar para que este se realice con todas as garantías marcadas pola lei en canto a horarios de chegada e recollida e alumnado transportado.

As diferentes rutas e paradas establecidas son as seguintes:

4. DOCUMENTO 4: DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO

O *documento de organización do centro (D.O.C.)* recolle entre outros datos, os horarios do profesorado, os horarios do alumnado, ocupación das aulas, relación de profesorado, relación de persoal non docente, etc... Este documento é remitido á inspección educativa, e este curso deberá ser dixitalizado, utilizando para elo os impresos xerados polo XADE.

4.1. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente deste centro está composto por:

Nº	APELIDOS E NOME	Categoría
1	Casanova Álvarez, Noelia	Limpadora
2	García Toural, Mª Elena	Limpadora
3	Iglesias Rodríguez, Rosa Mª	Subalterna
4	Mera Gonta, Rocío (<i>Substituta de López González, Eladía</i>)	Limpadora
5	Pérez Caride, María Helenca	Subalterna
6	Rey Rodríguez, Sonia	Auxiliar administrativo

En canto aos horarios e funcións detállanse a continuación:

4.1.1. Persoal auxiliar administrativo

As funcións das dúas persoas de persoal auxiliar administrativo son aquelas derivadas do mantemento, custodia e elaboración de toda a documentación administrativa relacionada co sistema educativo, matrícula de alumnado, tramitación da documentación académica oficial do alumnado, atención e información a toda a comunidade educativa das diferentes cuestións académicas, tarefas de apoio administrativo ao equipo directivo e colaboración co resto da comunidade educativa para o bo funcionamento do centro.

O horario de atención ao público que desempeñan é de 8:45 a 14:15 horas, de luns a venres, que coincide co horario lectivo xeral de mañá. Indicar que este persoal complementa este horario con algunha hora de traballo desde a casa, ao poder manexar o programa de xestión educativo (XADE) a través de internet. E tamén, cando se precisa por necesidade de funcionamento do centro, como pode ser en época de matrículas ou a finais de curso, este persoal asiste ao centro polas tardes segundo o solicite a dirección do centro.

Durante os períodos de vacacións a secretaría do centro permanece aberta segundo o seguinte horario:

Data	Horario
Vacacións de Nadal	De 10:00 a 13:00 horas
Semana Santa	De 10:00 a 13:00 horas
Do 1 ao 15 de xullo	De 9:30 a 14:00 horas
Do 16 ao 31 de xullo	De 10:00 a 13:00 horas
Mes de agosto	De 10:00 a 13:00 horas

4.1.2. Persoal subalterno

O centro conta con dous conserxes, que realizan labores de control das instalacións e acceso ás mesmas, apertura e peche de portas, revisión das instalacións, apagado e programación de calefacción e luces, servizos relacionados coa reprografía, fotocopias, plastificacións, e todas aquelas tarefas encomendadas polo equipo directivo relacionadas co seu posto de traballo, como tamén pode ser recollida ou traslado de correo, entrega de pago de facturas, etc... Tamén se responsabilizan da recepción de pais e outros membros da comunidade educativa, e derivación dos mesmos ás persoas oportunas, localización de profesorado para diferentes comunicacións e atención telefónica.

Ao ter horario de mañá e tarde, de luns a xoves, os subalternos alternan o seu horario, de maneira que cando un traballa pola mañá, o outro o fai pola tarde.

O horario xeral desempeñado por eles é de 8:00 a 14:50 horas, no caso da mañá, de luns a venres, podendo ser ata as 15:30 segundo necesidades de funcionamento. No horario de tarde, desempeñan o seu traballo entre as 15:45 e as 22:15 horas de luns a xoves. Os venres, ao non ter

horario de tarde, traballan os dous pola mañá. O horario de vacacións é o mesmo que o do persoal auxiliar administrativo.

A maiores, e de maneira excepcional cando se precisa, un subalterno acude ao centro algún día festivo ou non lectivo (sábados) para diferentes funcións como pode ser programar a calefacción para ter o centro quente ao día seguinte, comprobar por que sonou a alarma, ou abrir e pechar o centro a persoal que se encontre realizando algunha obra no centro.

4.1.3. Persoal de limpeza

O equipo de limpeza está integrado por tres persoas fixas, dúas en horario completo, que son dona *Rocío Mera Gonta (Substituta de Eladia López González)* e dona *María Elena García Toural*, e unha con media xornada, que é dona *Noelia Casanova Álvarez*. As dúas primeiras teñen asignados espazos diferentes de limpeza, no edificio principal e no edificio anexo, e a limpeza do pavillón é entre as dúas, mentres que a terceira ocúpase dos baños do centro e de certas estancias da planta baixa do edificio principal.

Con respecto ao horario que desempeñan, as de xornada completa é de tarde, entre as 14:30 horas e as 22:00 horas, aproximadamente, sendo de 9:30 a 13:15 horas o horario da persoa contratada a media xornada.

Durante os períodos de vacacións, o persoal de limpeza asiste en horario de mañá ao centro, na mesma franxa horaria que o resto de persoal non docente.

Indicar por último, que neses períodos de vacacións o centro conta en todo momento con servizo de subalterno, auxiliar administrativo na secretaría, e polo menos un membro do equipo directivo segundo un cadro que se comunica á inspección educativa con antelación suficiente.

5. DOCUMENTO 5: PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

En canto as actividades extraescolares e complementarias, os departamentos presentaron para o curso 2024/2025 as que se relacionan a continuación, aínda que, se ao longo do curso existira unha actividade que puidera ser de interese para a comunidade educativa, o Consello Escolar estudaría a súa aprobación.

Caso de haber algunha outra actividade complementaria ou extraescolar non prevista nesta programación da que teñamos noticia durante o curso, o Consello Escolar facultará ao equipo directivo para autorizala sempre que exista conformidade do(s) Departamento(s) interesado(s), non supoña gasto para o centro, o profesorado afectado estea de acordo, e non supoña saír do Concello de Chantada.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DO CURSO 2024/2025

DEPARTAMENTO BIOLOXÍA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
1º Trimestre	Saída xeolóxica pola vila “Ruta das Rochas Ornamentais”	Chantada (polo centro andando)	Outubro		50 min	X		1º BAC Bioloxía	
2º Trimestre	Charlas Científica divulgativa online ou presencial no centro	Salón de actos	Por determinar		50 min	X		1º BAC 2º BAC Bioloxía	
	Visita Usos dos microorganismos en Microbioloxía	Queixería Airas Moñiz ou Depuradora Municipal	Marzo		1h 40 min	X		1º ESO	
	Visita Centro de Investigación Forestal e Xardín Botánico	Lourizán (Pontevedra)	Febreiro		Todo o día	X		1º BAC	Lingua Castelá
3º Trimestre	Saída xeolóxica guiada por determinar	Zona de interese xeolóxico en Galicia	Por determinar		Todo o día	X		4º ESO 1º BAC Bioloxía	
	Visita Museo Historia Natural Luis Iglesias	Santiago	Por determinar		Todo o día	X		1º de ESO	Lingua Galega Xeografía e Historia

DEPARTAMENTO DEBUXO									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	Visita guiada á Rectoral de Gundivós	Gundivós, Sober (Lugo)	Finais marzo		8:45-14:15	X		1º ESO	
	Visita guiada á Rectoral de Gundivós	Gundivós, Sober (Lugo)	Primeiras semanas de abril		8:45-14:15	X		3º ESO	
3º Trimestre	Sesión didáctica “Arte como plataforma para a igualdade”	CGAC (Santiago de Compostela)	Maio		8:45-14:15	X		4º ESO (alumnado expresión artística)	

DEPARTAMENTO ECONOMÍA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	Charlas Inserción Laboral	Salón de actos	febreiro - marzo		2h	X		3º ESO 4º ESO	
3º Trimestre	Charlas Axencia Tributaria	Salón de actos	abril-maio		2h	X		3º ESO 4º ESO 1º BAC 2º BAC	
	Visita a empresa	Por determinar	abril-maio			X	X	3º ESO 4º ESO	

DEPARTAMENTO EDUCACIÓN FÍSICA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
1º Trimestre	Torneo fútbol sala	Pavillón do IES	2 out-16 dec	11:15-11:45	1º trimestre días concretos	X		Todos	
	Torneo tenis de mesa	Pavillón do IES	Novembro	11:15-11:45	Días fixados en calendario	X		Todos	
	Recreos activos temáticos	Pavillón do IES				X		Todos	
2º Trimestre	Torneo bádminton	Pavillón do IES	Xaneiro - febreiro	11:15-11:45	Días fixados segundo equipos	X		Todos	
	Curso natación	Piscina municipal	2º trimestre	horario de EF	1 día semana en horario de EF	X		1º BAC	
	Recreos de xogos populares	Pavillón e exteriores do IES	marzo	11:15-11:45	varios recreos	X		Todos	
	Campionato de orientación	Lugo	marzo			X	X	1º ESO 2º ESO 3º ESO	
3º Trimestre	Saída de piragüismo e actividades fluviais	Monforte de Lemos	maio			X		ESO	
	Torneo de Basquet 3x3	Pavillón do IES	maio	11.15-11:45	Días fixados por equipos	X		Todos	
	Saída para realizar actividades acuáticas (surf e paddle surf)	Foz (Lugo)	xuño		Todo el día	X	X	1º BAC	
	Carreira solidaria “Save the Children”	Pavillón e exteriores do IES	xuño	11:15-12.35	Día fixado	X		Todos	

DEPARTAMENTO FILOSOFÍA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	XII Olimpíada de Filosofía	Santiago de Compostela/ Illas Baleares	30 de xaneiro 27 de febreiro Marzo día por determinar			X	X	1º BAC 2º BAC	

DEPARTAMENTO INGLÉS									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
1º Trimestre	Intercambio con un centro italiano	Tarento	Por determinar		1 semana	X	X	4º ESO 1º BAC	
	Viaxe cultural a Europa	Por determinar	Por determinar		3/ 4 días	X	X	1º BAC 2º BAC	
2º Trimestre	“Spring Week”	Por determinar	Por determinar		1 semana	X	X	ESO	
	Asistencia a unha obra de teatro en inglés	Por determinar	Por determinar		1 día	X	X	ESO	
	Intercambio con un centro italiano	Tarento	Por determinar		1 semana	X	X	4º ESO 1º BAC	
3º Trimestre	Asistencia a unha obra de teatro en inglés	Por determinar	Por determinar		1 día	X	X	ESO	
	Inmersión lingüística	Por determinar	Xuño		7/10 días	X	X	Todos	

DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
1º Trimestre	Asistencia á representación teatral <i>La isla del tesoro</i> , obra de Robert Louis Stevenson. Visitas guiadas ao Centro de interpretación da muralla de Lugo e ao Vello Cárcere.	Auditorio Gustavo Freire (Lugo). Centro de interpretación da muralla de Lugo e o Vello Cárcere.	25 de novembro De 8:30 a 18:00				X	1º ESO 2º ESO	
2º Trimestre	Obradoiro de escritura creativa.	Por determinar (aula ordinaria e/ou salón de actos).	Sin determinar		50 min		X	3º ESO 4º ESO	
	Asistencia á función teatral <i>El licenciado Vidriera</i> , de Cervantes.	Teatro Principal de Pontevedra.	19 de febreiro. Hora da función: 12:00		Todo o día		X	1º BAC	
3º Trimestre	Semana das Letras Galegas.	Por determinar (aula ordinaria e/ou salón de actos).	Por determinar		50 min		X	Todos os grupos da ESO.	Lingua Galega

DEPARTAMENTO LINGUA GALEGA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
1º Trimestre	Visita ao Pazo Museo de Arxeriz	Pazo Museo de Arxeriz	Por determinar		Unha mañá	X		Por determinar	
2º Trimestre	Visita á casa museo de Trasalba, a Oseira e á vila de Celanova	Os 3 citados	Por determinar		Un día	X		3º ESO	
	Visita exposicións e obradoiro de evolución da escrita	Ourense (Arquivo histórico provincial)	12/01/25	8:45	Un día	X		3º ESO	
3º Trimestre	Intercambio co IES As Bizocas	O Grove	Maio ou xuño		1-2 días	X		2º ESO	Dinamización Lingüística
	Viaxe a Portugal para alumnado de Portugués e algún outro grupo.	Portugal	Xuño		1-2 días	X		Por determinar	

DEPARTAMENTO MÚSICA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	Concurso de comparsas	Pavillón	Entroido			X		Todos	
3º Trimestre	Lamañazo Rock	Carballeira	Xuño				X	Todos	

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
1º Trimestre	Taller educación afectivo sexual	Aulas dos grupos			2 horas	X		2º ESO 3º ESO	
2º Trimestre	Taller vioxen a cargo da asociación <i>Pola Miúda</i>	Auditorio de Chantada	14 de febreiro		4 horas	X		4º ESO 1º BAC 2º BAC	
3º Trimestre	Charla sobre as PAU	Salón de actos			2 horas	X		2º BAC	

DEPARTAMENTO TECNOLOXÍA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	Visita ao parque eólico experimental de Sotavento	Xermade (Lugo)	27 Marzo			X	X	2ºESO	
	Charla Enxeñería Aeronáutica	Salón de Actos	Por determinar		1 h	X		1º BAC 2º BAC	
3º Trimestre	Aula aberta á Tecnociencia	E. Enxeñería da Enerxía e Minas (Vigo)	Abril		Todo o día	X	X	4º ESO 1º BAC 2º BAC	
	Visita ao Citius	Santiago	Por determinar			X	X	4º ESO IA 1º BAC TIC/TEC	
	Charlas Enxeñería Telecomunicacións	Salón de Actos	Por determinar		1 h	X		4º ESO 1º BAC 2º BAC	
	VIII Competición de Robots	EEI (Vigo)	Abril			X	X	4º ESO 1º BAC	

DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	Visita ao castro de San Cibrao	San Amaro Ourense	Marzo 2025		1 día	X	X	1º ESO	
3º Trimestre	Visita a Santiago de Compostela (Catedral e Museos)	Santiago de Compostela	Maiο 2024		1 día	X	X	2º ESO	

VICEDIRECCIÓN									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamento colaborador
						Si	Non		
2º Trimestre	Torneo de Xadrez 2025	Salón de actos	2º trimestre durante os recreos			X		Todos	Biblioteca
3º Trimestre	Viaxe fin de curso de 4º ESO	Por determinar	Abril - maio			X	X	4º ESO	

6. DOCUMENTO 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

Como xa se comentou no documento 1 do “*Plan Anual*”, o *equipo de normalización e dinamización lingüística* estará formado por:

Coordinador	Andrea Santiso Arias	
Profesorado	Antonio Fente Parada Cristina Ouro Gómez Azucena Varela Pallas Lucía Villamisar Lamas Juan Luis López Puente	
Persoal non docente	Sonia Rey Rodríguez	
Alumnado	Antía Hermida Meilán (2º ESO A) Antía Rodríguez Carballo (2º ESO A) Aroa Noguerol Gómez (2º ESO A) Claudia Carballal Marqués (2º ESO A) Emma Gay Seijas (2º ESO A) Javier Enríquez Méndez (2º ESO A) Lois Losada Arias (2º ESO A) Manel López López (2º ESO A) María Areán Vázquez (2º ESO A) Marta Varela Abet (2º ESO A) Pablo Rodríguez Pérez (2º ESO A)	Sara Alcántara de León (2º ESO A) Xiana Otero Porto (2º ESO A) Leo López Valdés (2º ESO B) Samuel Novoa Vázquez (2º ESO B) Elena Jorge Ledo (2º ESO B) Esteban Otero Méndez (2º ESO B) Pablo Eyré Fernández (2º ESO B) Eric Ledo Fidalgo (2º ESO B) Teixo Ocaña Moure (2º ESO B) Alan Pérez Lima (4º PDC) Érika Fernández González (4º PDC) Thomas Hortua Rivera (4º PDC)

6.1. OBXECTIVOS.

Os obxectivos do EDLG para este curso son moi semellantes aos de anos anteriores.

6.1.1. Obxectivos para o profesorado

1.- Modificar as condutas sociolingüísticas do profesorado implicándoo de forma activa e consciente nas actividades do EDLG.

2.- Asesorar ao profesorado e informar sobre os materiais existentes en galego.

6.1.2. Obxectivos para o alumnado

1.- Eliminar prexuízos e fomentar o uso da lingua galega, tanto na vida do centro como nas aulas fomentando o orgullo por vivir nun país cun idioma propio creado e mantido durante séculos polo pobo galego en situacións difíciles.

2.- Utilizar con competencia e fluidez a lingua galega na vida social normalizando o seu uso e superando tópicos e complexos impostos durante décadas.

3.- Fomentar o uso da lingua galega nas actividades programadas polo centro para darlle prestixio social.

4.- Fomentar a creación científica e literaria na nosa lingua.

5.- Aprender a usar as TIC de forma habitual nas actividades escolares.

6.1.3. Obxectivos en relación ao entorno

1.- Informar as familias sobre os obxectivos e as actividades do EDLG e facelos partícipes do seu desenvolvemento no centro.

2.- Establecer contactos e relacións cos EDLG dos centros próximos: IES Val do Asma, Centros de Educación Primaria da localidade adscritos a este centro, etc.

3.- Colaborar con outras entidades locais que desenvolvan actividades cos mesmos obxectivos que o noso equipo.

4.- Colaborar coas propostas da Mesa pola Normalización Lingüística, Prolingua e outras organizacións de defensa da lingua: móbiles en galego, actos, manifestos, ...

6.1.4. Obxectivos para mellorar a situación lingüística do centro

1.- Fomentar o uso da lingua desde a interpretación racional e obxectiva sobre a nosa situación lingüística.

2.- Informar sobre a existencia de material en galego para todo o profesorado: dicionarios, páxinas web, material especializado, ...

3.- Ser respectuoso e tolerante coas opcións lingüísticas diferentes á propia en contextos nos que a lei non esixa o uso dunha lingua determinada.

6.2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS.

Se ben aínda están sen fechar totalmente, o EDL ten proxectado realizar, na medida das súas posibilidades, un nutrido número de actividades; moitas delas levaranse a cabo en colaboración co Equipo de Biblioteca, pretendendo así unificar os nosos traballos e aproveitar mellor os recursos humanos e materiais, cada vez máis escasos. De momento, prefírese optar por unha relación de propostas que sexan efectivamente realizábeis a unha profusión dificilmente atinxíbel. Neste sentido, é importante entender a planificación de actividades e propostas do EDL como algo aberto e flexíbel, que deberá atender ás necesidades e posibilidades de cada momento sen apriorismos.

6.2.1. Primeiro trimestre

1.- Información ás familias sobre a existencia do EDLG do centro: os seus obxectivos e actividades.

Realizouse empregando as novas tecnoloxías.

Organiza: EDLG.

Colabora: Equipo directivo do centro.

Custo da actividade: **0 euros.**

2.- Celebración do Samaín. Concurso de relatos “*Mete medo*”.

Con motivo do Samaín realizaremos un concurso de relatos en que a temática será o terror. Poderá participar todo o alumnado do centro dividido en catro categorías:

- CATEGORÍA A: 1.º e 2.º de ESO.
- CATEGORÍA B: 3.º e 4.º de ESO.
- CATEGORÍA C: 1.º e 2.º de Bacharelato.
- CATEGORÍA D: ESA.

O departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual encargárase de decorar un espazo coa temática do Samaín na Biblioteca. No mes de novembro leranse os relatos dos/as

gañadores/as (incluídos na revista do centro) e entregaranse os premios.

Organiza: EDLG.

Periodización: outubro-novembro.

Colabora: Educación Plástica, Visual e Audiovisual e a biblioteca do centro.

Custo da actividade: **120 euros** (2 premios por categoría: 20 € 1º premio; 10 € 2º premio).

3.- Slogans contra a violencia de xénero. “Nin unha máis”.

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, realizaremos a actividade "**Slogans contra a violencia de xénero**", coa que pretendemos visualizar e reivindicar o compromiso do noso centro coa loita contra esta lacra social. O alumnado, traballando en colaboración cos seus titores e titoras, creará slogans impactantes e concienciadores en galego, que expresen a súa repulsa contra calquera forma de violencia machista e promovan a igualdade e o respecto. Estes slogans serán expostos nun taboleiro central, decorado especialmente para a ocasión, onde quedarán á vista de toda a comunidade educativa. O obxectivo é que cada frase faga reflexionar, transmitindo unha mensaxe de esperanza, solidariedade e unión na loita pola erradicación da violencia de xénero. Esta exposición visual servirá como un espazo simbólico de resistencia e de concienciación, reforzando os valores de igualdade e convivencia respectuosa.

Organiza: EDLG e Biblioteca do centro.

Colaboran: Departamento de Lingua Galega e Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual..

Custo da actividade: **0 euros**.

4.- Celebración do Nadal. “A árbore dos desexos” + “O Nadal peta na porta”.

Este ano, para celebrar o Nadal no centro, imos poñer en marcha unha serie de actividades festivas que involucrarán a toda a comunidade educativa. Montaremos unha **árbore de Nadal** nun lugar destacado do edificio, que será o punto central das nosas decoracións. O alumnado colgará na árbore os seus desexos escritos en galego para o ano novo. Ao mesmo tempo, faremos un **concurso de portas de Nadal** entre as diferentes titorías, onde cada grupo poderá amosar a súa creatividade adornando a porta da súa aula con motivos de Nadal.

Organiza: EDLG.

Colaboran: Departamento de Lingua Galega e departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual..

Custo da actividade: **30 euros**.

6.2.2. Segundo trimestre

1.- Paxariños na Candeloria.

Para celebrar o día no que casan os paxariños propónse a actividade de crear un inventario de paxaros coas aves ameazadas en perigo de extinción. Farase un mural descritivo das diferentes especies autóctonas situándoas en cadanseu territorio xeográfico. Cada paxariño debe levar un refrán ou frase relacionada co día da Candeloria. Esta actividade vai dirixida a 1.º ESO.

Organiza: EDLG.

Colaboran: Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Bioloxía e Xeoloxía e Lingua Galega e Literatura.

Custo da actividade: **0 euros**.

2.- Día de Rosalía. Actividade “Rosas para Rosalía”.

O 23 de febreiro é o Día de Rosalía de Castro, autora central no canon literario galego e símbolo da loita pola igualdade. O alumnado da ESO dedicará a hora de titoría a unha actividade creativa e literaria: “Rosas para Rosalía”. Cada alumno/a elaborará unha rosa de papel con folios de cor vermella e en cada pétalo da rosa escribirá algún verso representativos de Rosalía de Castro escollido por el. Unha vez rematada a creación das rosas, colocaranse nun mural ou exposición na aula ou nos corredores do centro, formando un xardín simbólico en homenaxe a Rosalía e á súa poesía.

Organiza: EDLG.

Colabora: Departamento de Lingua Galega e Literatura e departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

Custo da actividade: **0 euros**

3.- Charla temática sobre a lingua galega.

Esta actividade consiste nunha charla temática impartida por un creador de contido en lingua galega, quen compartirá a súa experiencia no uso das redes sociais como ferramenta para construír unha comunidade e proxectar o seu traballo. O obxectivo é reflexionar sobre os diferentes usos que se lles pode dar ás redes, facendo fincapé na importancia do galego como lingua válida e competitiva no ámbito dixital. Ademais de demostrar que é posible acadar éxito en galego, o relator ofrecerá consellos prácticos para optimizar o uso das plataformas dixitais e fomentar o emprego da lingua galega en contornas globais. A charla tamén incluírá un bloque de concienciación sobre os perigos das redes sociais, como a desinformación, a dependencia tecnolóxica ou os riscos para a privacidade,

co fin de promover un uso responsable e crítico destas ferramentas. Vai dirixida a todo o alumnado.

Organiza: EDLG.

Colabora: Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Custo da actividade: **200 euros**.

4.- Actividade didáctica do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

O alumnado de 3º de ESO acudirá a unha actividade didáctica do Arquivo Histórico Provincial de Ourense (obradoiro de escritura medieval, visita teatralizada, visita ás exposicións do AHPOU + obradoiro á evolución da escritura ou visita as exposicións do AHPOU).

Organiza: EDLG.

Colabora: Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Custo da actividade: **600 euros**.

6.2.3. Terceiro trimestre

1.- Intercambio co IES As Bizocas do Grove.

Os rapaces/as intercambiarán opinións sobre a lingua e coñecerán a contorna do centro seleccionado. O encargado ou encargada do centro de destino será o que organice o día que nós acudiremos alá e o EDLG do Lama das Quendas organizará a visita ao Grove. O obxectivo é que o alumnado aprecie a riqueza cultural á que non debemos renunciar e a importancia de ter unha lingua na que podemos comunicarnos, ao igual que o fan outros rapaces e rapazas. Esta actividade pretende contribuír á eliminación dos prexuízos cara á lingua galega, así como tamén ao aprecio e respecto das variedades xeolectais. Antes do encontro, durante o 2º trimestre faremos un intercambio epistolar. Esta actividade vai dirixida ao alumnado dun curso da ESO.

Organiza: EDLG.

Colaboran: departamento de Xeografía e Historia, departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

Custo da actividade: **500 euros**.

2.- Correlingua.

Durante varios anos, o alumnado do centro participou nesta marcha pola defensa do galego. Este curso pretendemos recuperar esta actividade colaborando cunha faixa que será deseñada e elaborada polo alumnado participante coa axuda do departamento de EPVA.

Organiza: EDLG.

Colabora: Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

Custo da actividade: **300 euros**.

3.- Semana das Letras Galegas. “As olimpíadas da lingua”

Con motivo da Semana das Letras Galegas de 2025, dedicadas ao Cancioneiro Popular Galego, celebraremos as "**Olimpíadas da Lingua**", unha actividade que combina competición, diversión e aprendizaxe para poñer en valor a riqueza da lingua e da tradición oral galega. Ao longo da semana, o alumnado participará en diferentes probas e xogos relacionados coa lingua galega e o cancionero tradicional, promovendo tanto o seu coñecemento como o seu uso en contextos lúdicos.

As probas estarán deseñadas para fomentar o traballo en equipo e abarcarán unha ampla variedade de actividades: concursos de refráns e adiviñas populares, carreiras de "palabras encadeadas" en galego, xogos de preguntas sobre a historia e o significado das cantigas tradicionais, e incluso desafíos de composición, onde os participantes deberán crear os seus propios versos inspirados no cancionero galego. Todas estas actividades estarán adaptadas a distintos niveis, para que todo o alumnado poida participar e divertirse mentres aprende sobre a nosa cultura e patrimonio. A semana culminará cun evento especial: un **concerto dun grupo de música tradicional galega**, que traerá ao escenario as melodías e sons que forman parte do legado do noso cancionero popular. Será un momento para celebrar colectivamente a nosa lingua e cultura, e tamén para desfrutar da música que forma parte da nosa identidade.

Organiza: EDLG, Departamento de Lingua Galega.

Colabora: Departamento de música.

Custo da actividade: **200 euros**.

4.- O tendal dos prexuízos.

A actividade "*O tendal dos prexuízos*" ten como obxectivo combater os estereotipos e prexuízos que afectan a percepción da lingua galega, fomentando o pensamento crítico e o respecto cara á nosa lingua. Durante a actividade, o alumnado traballará en grupo para identificar algúns dos prexuízos máis comúns sobre o galego. Unha vez identificados, os estudantes deberán investigar e elaborar argumentos ben fundamentados que os desmintan, poñendo en valor a riqueza cultural, histórica e práctica da lingua galega en todos os ámbitos da vida diaria. Cada prexuízo e o seu correspondente contraargumento serán escritos en cartolinas de cores que se colgarán dun fío, simulando un tendal, en zonas visibles do centro educativo, como os corredores principais ou a entrada. O tendal non só servirá como unha instalación creativa e visualmente atractiva, senón tamén como unha ferramenta pedagóxica que permitirá que toda a comunidade educativa reflexione sobre a importancia de

derrubar falsos mitos e valorar o galego como unha lingua moderna e útil. Ademais, esta exposición permanente creará un ambiente de concienciación e promoverá un clima máis favorable para o uso da lingua galega no IES, incentivando o seu emprego nun marco de respecto e orgullo lingüístico.

Organiza: EDLG.

Colabora: departamento de Lingua Galega e Literatura e departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

Custo da actividade: **0 euros**.

6.2.4. Actividades para todo o curso

1.- Información ao profesorado sobre o material impreso e web en galego (correctores, tradutores, páxinas...). Ademais o centro dispón dun taboleiro a disposición do EDLG para a divulgación de asuntos relacionados coa lingua. A información sobre material interdisciplinar en galego, lexislación, cursos, material dispoñible no propio centro..., realízase mediante o correo electrónico e durante todo o curso escolar.

Custo da actividade: **0 euros**.

2.- Cinema en galego

Asistiremos á representación de filmes en lingua galega nalgunhas aulas do centro durante as horas de titoría. Logo, o alumnado asistente fará un traballo sobre a película que publicaremos na revista do EDLG.

Organiza: EDLG, Departamento de Filosofía, Departamento de Xeografía e Historia e Departamento de Lingua Galega.

Custo da actividade: **0 euros**

3.- O taboleiro da lingua.

Na planta baixa do centro dispoñemos dun taboleiro que nos identifica e que utilizamos para múltiples actividades. Un grupo de alumnos/as e un profesor/a encargaranse de revisar diferentes fontes de información (prensa diaria e semanal, revistas, Internet...) e colocar alí as novas relacionadas coa lingua: novidades editoriais e discográficas, estreas cinematográficas e teatrais, aprobación de leis, datas sinaladas para a lingua, viñetas de humor, conflitos coa lingua... Posteriormente, os encargados irán baleirando o taboleiro mensualmente e recollendo a información para organizala finalmente nun anuario: o anuario da lingua.

Tentaremos dinamizar este taboleiro traballando co noso alumnado e coas noticias que se van

colgando mensualmente. A idea é relacionar o mundo da prensa (contido, por outra parte, que se traballa en todos os niveis da ESO) co dos contidos que as propias novas, entrevistas, cadriños, crónicas, etc., nos ofrecen. Este ano tentaremos que boa parte desas novidades non só sexan lidas, mais que tamén se poidan empregar para traballos escritos ou orais co alumnado e incluso ligalo co blogue do equipo, onde poderán expoñer as súas opinións.

Custo da actividade: **0 euros.**

4.- Adquisición e difusión de novidades.

Adquisición e difusión de novidades bibliográficas ou en calquera soporte que sexan interesantes como recurso normalizador e ofertárllelas aos departamentos e/ou grupos que as poidan usar: banda deseñada, revistas temáticas, música, programas informáticos, dicionarios, vocabularios específicos... O EDL pretende que moitos destes materiais sexan adquiridos dende a biblioteca, xa que non dispoñemos de carga orzamentaria para facérmonos con eles. Tamén nos faremos cargo da ampliación da mediateca en galego (sempre a cargo da Biblioteca) especialmente de CD's de música en galego de distintos tipos (folk, folk revisado, rock, hip hop, cantautores...) e para todas as idades. Estará situada dentro da biblioteca, o que nos axudará a organizar o préstamo.

Custo da actividade: **Fondos da biblioteca do centro.**

5.- Aplicación do Plan Lingüístico do Centro.

Pretendemos a súa difusión, a modificación de actitudes nos casos necesarios e o compromiso de todos/as na loita diaria a favor da nosa lingua.

Custo da actividade: **0 euros.**

6.- Redes sociais do EDLG.

Temos un blog para o noso equipo que está aberto ao público (galegueandolq.wordpress.com) para recoller noticias relacionadas coa normalización do idioma e as actividades que realizamos ao longo do curso e que intentaremos dinamizalo e darlle utilidade. Ademais, iniciaremos a publicación de contidos tamén a través de Instagram (@edlg.lamadasquendas).

Organiza: EDLG.

Colaboran: Departamentos de Filosofía, Xeografía e Historia, Tecnoloxía e Bioloxía e Xeoloxía.

Custo da actividade: **0 euros**

7.- Colaboración na elaboración da revista do centro.

Faise coa colaboración de membros de todos os sectores da comunidade educativa. Neste curso queremos dar unha maior importancia aos traballos e iniciativas do alumnado. Contamos cunha versión dixital e tamén a publicamos en papel, sendo a iniciativa máis tradicional, colaborativa, interiorizada pola comunidade educativa, seguida e divulgada de todas cantas desenvolvemos.

Organiza: EDLG.

Custo da actividade: **600 euros.**

8.- Colaboración coas actividades da Mesa pola Normalización Lingüística, Prolingua e da CGENDL dando a coñecer os seus manifestos, sumándonos ás súas denuncias e ás súas iniciativas. Tamén contarán coa nosa colaboración as asociacións de calquera tipo comprometidas coa defensa activa do noso idioma e os dereitos lingüísticos dos cidadáns.

Por outra banda, participamos xunto coa biblioteca na subscrición ao xornal *Nós Diario*, único en papel editado completamente en galego.

9.- Colaboración co IES Val do Asma na elaboración da revista, conferencias e proxeccións cinematográficas.

Organiza: EDLG.

Custo da actividade: **0 euros.**

10.- Colaboración co Concello, Casa de Cultura, Casa da Xuventude e Centros de Primaria adscritos ao noso IES así como con outras entidades culturais da zona que teñan iniciativas a favor da lingua galega e estean dispostos a traballar conxuntamente con nós.

Custo da actividade: **0 euros.**

11.- As TIC

O seu interese é hoxe indiscutible, o centro dispón de páxina web, cun apartado destinado á Dinamización, nel incluiremos o noso programa, actividades e as informacións que consideremos oportunas ao longo do curso.

Recomendamos tamén as páxinas citadas no blog sobre a prensa en galego e outras. Existen ademais moitas páxinas que podemos visitar cos nosos alumnos/as e proporcionar aos nosos compañeiros/as.

Custo da actividade: **0 euros.**

12.- Proxecto “Atopando topónimos”.

Ao longo deste curso, desenvolveremos un proxecto interdisciplinar sobre a toponimia que prestará atención tanto á toponimia maior da contorna do alumnado, como os nomes de parroquias, vilas ou montes, coma á toponimia menor, que inclúe microtopónimos como leiras, fontes ou camiños. Para levar a cabo esta investigación, contaremos coa colaboración de diferentes departamentos, como Matemáticas, Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura e Bioloxía e Xeoloxía, entre outros. Ademais, empregaremos a aplicación Galicia Nomeada, unha ferramenta clave para rexistrar, xeolocalizar e documentar os microtopónimos, promovendo así a conservación e a posta en valor deste patrimonio inmaterial que, nalgúns casos, corre risco de desaparecer. A través deste proxecto, o alumnado non só aprenderá sobre a riqueza toponímica da súa contorna, senón que tamén terá un papel activo na preservación da memoria colectiva vinculada aos nomes de lugar.

Organiza: EDLG, Departamento de Lingua Galega.

Colaboran: Departamentos de Matemáticas, Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Bioloxía e Xeoloxía.

Custo da actividade: **0 euros**.

7. DOCUMENTO 7: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO

Este curso, de novo, levaranse a cabo un plan de formación no centro co título “*Os polos creativos no centro*”, cuxos obxectivos son:

- Planificar, deseñar, desenvolver e avaliar accións formativas de aula.
- Integrar os recursos pedagóxicos dispoñibles no centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de maneira que se estableza un modelo común para todo o profesorado.
- Favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino aprendizaxe como no resto dos procesos de xestión do centro.

Por outro lado, unha das funcións da dirección é exercer a dirección pedagóxica, e promover a innovación educativa, e neste sentido considera importante a formación do profesorado para o que nun futuro será a carreira docente. En consecuencia, fomentará que o profesorado mellore a súa formación non só a través do plan de formación do profesorado da Consellería de Educación, senón a través doutras plataformas como poden ser os cursos MOOC (*Massive Online Open Courses* ou *Cursos online masivos e abertos*) ou os de Aula Mentor do Ministerio de Educación. As características dun curso MOOC son:

- Non ter limitación nas matriculacións.
- Poder ser cursado de maneira online.
- De carácter aberto e gratuíto, con materiais accesibles de forma gratuíta.

Recomendaranse dúas plataformas para estes cursos: <https://es.coursera.org/> e <https://miriadax.net/home>.

En canto aos cursos de Aula Mentor intentarase aportar toda a información ao respecto para a convocatoria deste curso.

8. DOCUMENTO 8: DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS.

O *documento de recollida de datos (D.R.D.)* é remitido polo servizo de informática da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e consta de dúas partes. A primeira fai referencia a datos xerais de número de alumnos e profesores dos centros e foi enviada ao longo do mes de setembro. A segunda parte recolle outros datos estatísticos do centro e será enviada segundo ordene a Consellería de Educación. Ambas partes son cubertas vía internet.

9. ANEXO I: PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (P.E.C.)

O proxecto educativo do centro (P.E.C.) e os seus anexos están a disposición de toda a comunidade educativa na seguinte dirección:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas/taxonomy/term/93>

Indicar que os anexos son:

- *ANEXO I: Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (maio 2024).*
- *ANEXO II: Plan xeral de atención á diversidade (febreiro 2023).*
- *ANEXO III: Proxecto lector (xuño 2017).*
- *ANEXO IV: Plan dixital de centro (xuño 2022).*
- *ANEXO V: Plan de convivencia (xuño 2016).*
- *ANEXO VI: Proxecto lingüístico (outubro 2023).*
- *ANEXO VII: Proxecto sección bilingüe (maio 2016).*
- *ANEXO VIII: Plan de acción titorial (xuño 2012).*
- *ANEXO IX: Plan de igualdade (maio 2024).*

Observacións: O plan dixital de centro tamén se pode visualizar no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=27003151>

10. ANEXO II: CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO

Xúntase a este documento o a “*Concreción curricular*” que forma parte do punto 9 do Proxecto Educativo de Centro (PEC), e que está tamén na aplicación informática PROENS.

11. ANEXO III: PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

11.1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se recolle no Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade na nosa comunidade autónoma, o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), deberá ser concretado anualmente para ser incluído na Programación Xeral Anual.

Deste xeito, os principais obxectivos en relación ca atención á diversidade no presente curso, serán:

Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento na comunidade educativa.

Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade, dentro das súas posibilidades, o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para a etapa da ESO.

Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta as características e necesidades do alumnado.

Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).

Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía, estratexias educativas,

Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a.

Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.

Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.

Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.

De tódalas actuacións previstas no PXAD, e tendo en conta as necesidades existentes no centro, concretamos as seguintes medidas, sen prexuízo das que ao longo do curso poidan xurdir.

11.2. MEDIDAS ORDINARIAS

11.2.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

Os agrupamentos, a confección de grupos e os horarios estableceranse de acordo cos seguintes principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

No primeiro Claustro do curso foron concretados, se ser o caso, os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios do alumnado, así como a comunicación do número de grupos de cada materia.

No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:

- Creación de ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
- Organización flexible da aula, por exemplo, tendo en conta os agrupamentos.
- Facilitade do acceso do alumnado aos diferentes espazos e instalacións: laboratorios, departamentos didácticos, departamento de orientación, biblioteca do centro, pavillón, etc.
- Organización das materias optativas de cada curso.

11.2.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

No mes de setembro, e antes do comezo do curso, as xefaturas dos departamentos concretaron nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos

segundo a normativa vixente (temporalización, metodoloxías, instrumentos e procedementos de avaliación, criterios de avaliación, ..).

Así mesmo, o profesorado, desde a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnado, unha vez realizada a avaliación inicial dos diferentes grupos, establecendo os seguintes elementos da programación:

Obxectivos e contidos.

- Adecuando os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase.
- Precisando cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica ou tema.
- Seleccionando e priorizando aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecendo secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicos para todo o alumnado e coñecementos de maior complexidade para algún alumnado avanzado.

Metodoloxía.

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o profesorado e o alumnado como entre o propio alumnado. O profesorado poderá establecer diferentes metodoloxías:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado, a cooperación e a colaboración.
- Tutorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos moi determinados e breves que favorecerán a seguridade do alumnado.

Actividades.

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (para alumnado avantaxado).

Avaliación.

- Realización dunha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Selección de técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia, ...
- Contextualización dos criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos.

11.2.3. Aula convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

A aula de convivencia existente no centro é a que se utiliza para atender ao alumnado que, pola súa conduta, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nesta aula, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda, realizará unha reflexión sobre o seu comportamento e establecerá un compromiso por escrito utilizando para iso o impreso correspondente.

Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de convivencia sen o seu correspondente parte de incidencia, cuberto polo profesor ou profesora de clase, onde se indiquen as causas do envío á mesma. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer, corrixir, e avaliar as posibles tarefas que lle imponha a este alumnado.

Os pais, nais, ou titores legais serán informados por escrito por parte da dirección, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou e as medidas disciplinarias aplicadas.

Para atender esta aula estará dispoñible o profesorado de garda, e se non puidera ser por atoparse nunha aula ordinaria facendo a súa garda, un membro do equipo directivo debería atendelo.

11.2.4. Reforzo educativo e apoio do profesorado

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

- Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
- Serán elaboradas polo profesorado que imparte a materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarllo ao equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.
- O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.
- Na materia de educación física, cando existan problemas que limiten a práctica motriz, e segundo o contemplado nas programacións de área, será necesario presentar un certificado médico oficial para poder realizar as medidas de reforzo educativo oportunas.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no historial académico.

A constancia do reforzo educativo e a valoración da súa utilidade para o alumno obxecto de medidas de reforzo serán un requisito previo para a participación deste nun programa de diversificación curricular (PDC).

Con respecto ao apoio ao alumnado con necesidades educativas, sempre e cando haxa profesorado con dispoñibilidade horaria, de calquera especialidade, este poderá realizar tarefas de apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

11.3. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

11.3.1. Adaptacións curriculares

Entendemos por adaptacións curriculares, as medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan aos elementos prescritivos do currículo, que van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e serán de aplicación logo da realización doutras medidas de atención á diversidade.

Excepcionalmente poderase aplicar esta medida ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo, pero deberá estar suficientemente xustificada.

Ao inicio do actual curso non existe alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) matriculado no centro. No caso dalgunha incorporación de algún alumno ou alumna

Para a adopción desta medida, cumprirá que no informe psicopedagóxico, resultante da avaliación psicopedagóxica, se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.

11.3.2. Agrupamentos flexibles

Son agrupamentos específicos transitorios para apoiar ao alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por teren carácter instrumental como é o caso das linguas e as matemáticas, ou ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada.

Con esta medida preténdese, ademais, incidir na motivación e na mellora da autoestima deste alumnado que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Consisten en facer desdobramentos transitorios que permitan nestas áreas constituír un grupo específico co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel. En ningún momento supoñen a ampliación de liñas de centro.

O alumnado poderá permanecer no agrupamento o 100% do horario semanal que lle corresponda a estas áreas. En todo caso, o alumnado pertence a todos os efectos a un grupo ordinario de referencia, polo que os agrupamentos específicos resultantes non deben superar o 40% do horario común do grupo.

O alumnado proposto **non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.**

Este curso organizáronse medidas de atención á diversidade mediante agrupamentos flexibles (medidas de reforzo) en **1º e 2º de ESO** para **Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá**.

Os **criterios de selección** de este alumnado foron as grandes dificultades de aprendizaxe que presenta, segundo o que transmitiu o profesorado nas sesións de avaliación inicial, así como a interese e o esforzo mostrado polo alumnado para intentar mellorar as súas competencias nas diferentes materias.

As **medidas ordinarias** aplicadas a todo este alumnado foron adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación, e reforzo educativo por parte do profesorado da materia correspondente.

O **procedemento de coordinación** entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da materia realizarase mensualmente a través da reunión do departamento didáctico. As decisións tomadas ao respecto, deberán quedar recollidas na acta da reunión.

As **programacións didácticas** que se utilizarán para este alumnado serán as mesmas que as do grupo de diferenza, con modificacións puntuais na temporalización e nos instrumentos e procedementos de avaliación, que non supoñen cambios significativos nas aplicadas aos grupos de referencia.

O centro adoptou as medidas organizativas para realizar unha atención máis individualizada a este alumnado. Estas medidas serán flexibles, de maneira que o alumnado poderá volver ao seu grupo de referencia nesas materias segundo sexa a súa evolución académica.

Os horarios dos agrupamentos dos diferentes grupos e o profesorado responsable móstrase a continuación:

1º E.S.O. A/B

<i>Hora/Día</i>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45 h-9:35 h			Matemáticas		
9:35 h-10:25 h	Matemáticas	Matemáticas	Lingua Castelá		Matemáticas
10:25 h-11:15 h		Lingua Galega			
11:15 h-11:45 h	<i>Recreo</i>				
11:45 h-12:35 h		Lingua Castelá			Lingua Galega
12:35 h-13:25 h					
13:25 h-14:15 h	Lingua Galega			Lingua Castelá	

Profesorado		
Agrupamento	Nome e apelidos	Especialidade
Agrupamento de Lingua Castelá	Noelia Mendes Alonso (<i>substituta de Laura Pereira Domínguez</i>)	Lingua Castelá e Literatura
Agrupamento de Lingua Galega	Mª Paz Fernández Vázquez	Lingua Galega e Literatura
Agrupamento Matemáticas	Manuel Ameigeiras González,	Matemáticas

2º E.S.O. A/B

<i>Hora/Día</i>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45 h-9:35 h			Lingua Galega		
9:35 h-10:25 h					
10:25 h-11:15 h	Lingua Castelá		Lingua Castelá		Lingua Galega
11:15 h-11:45 h	<i>Recreo</i>				
11:45 h-12:35 h	Lingua Galega	Matemáticas			Matemáticas
12:35 h-13:25 h					Lingua Castelá
13:25 h-14:15 h	Matemáticas			Matemáticas	

Profesorado		
Agrupamento	Nome e apelidos	Especialidade
Agrupamento de Lingua Castelá	Noelia Mendes Alonso (<i>substituta de Laura Pereira Domínguez</i>)	Lingua Castelá e Literatura
Agrupamento de Lingua Galega	Xosé Lois García Costa	Lingua Galega e Literatura
Agrupamento Matemáticas	Azucena Varela Pallas	Matemáticas

Para esta medida de atención á diversidade solicitouse a conformidade por escrito das nais, dos pais ou das persoais titoras legais do alumnado afectado. Os documentos de conformidade xúntanse a esta solicitude.

11.3.3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica

O profesorado especialista en pedagogía terapéutica exercerán as súas funcións en 1º e 2º de ESO, desenvolvendo as seguintes funcións:

- Participando na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades específicas especiais (NEE).
- Colaboración na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais (ACI), así como das medidas de reforzo, se é o caso, daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestándolle atención docente directa ao alumnado con NEE, atención que en xeral se prestará no grupo no que está integrado. A cualificación na materia do alumnado será responsabilidade do profesorado da área ou materia.

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado de pedagogía terapéutica serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio e do titor ou titora do grupo ao que pertence o alumnado. A coordinación desas actuacións correspóndelle á xefatura de estudos do centro, e a súa autorización á dirección do centro.

11.3.4. Programas de diversificación curricular (P.D.C.)

Este curso existirá un grupo de diversificación curricular (P.D.C.) en 3º de ESO formado por 9 alumnos/as, e outro en 4º de ESO con 10 alumnos/as.

Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.

Os cursos dos programas de diversificación curricular, en 3º e 4º de ESO, incluírán dous ámbitos específicos que englobarán distintas materias destes cursos:

- a) O ámbito Científico-Tecnolóxico.
- b) O ámbito Lingüístico e Social.

Estes programas incluírán o resto de materias non incluídas nos ámbitos específicos. O alumando que siga un programa de diversificación curricular terá un grupo ordinario de referencia no cal cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

Con carácter xeral, os grupos de PDC terán un máximo de 10 alumnas ou alumnos e un mínimo de 5.

Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora, que terá, entre as súas funcións, a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.

Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito.

No caso de que o ámbito Lingüístico e Social sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia da materia de Lingua Estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas na lingua correspondente.

Sen prexuízo do anterior, por razóns organizativas, a parte do currículo correspondente á lingua estranxeira do ámbito Lingüístico e Social poderá ser impartida, de xeito independente, por profesorado da especialidade da lingua estranxeira. Neste caso, a programación do ámbito deberá realizarse de forma coordinada entre o profesorado encargado da súa docencia.

O programa de diversificación curricular concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

O alumnado do programa de diversificación curricular será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizaranse nos mesmos termos que as materias.

O alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

11.3.5. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

O centro tomará as medidas oportunas no caso de que exista alumnado nas seguintes situacións:

11.3.5.1. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio. A consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do

alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

11.3.5.2. Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal

A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

11.3.5.3. Alumnado sometido a medidas de protección e tutela

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral. Este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. O centro adoptará as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

11.3.5.4. Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar

A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, o centro prestarán atención especial á inclusión e normalización do devandito alumnado. Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

12. ANEXO IV: PLAN DE LECTURA ANUAL

Xúntase a este documento o Plan de Lectura Anual para o curso 2024/2025.

13. ANEXO V: DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A continuación recóllese a última modificación do Proxecto Lingüístico, en relación á distribución lingüística no centro (vixente para o curso 2024/2025), aprobada polo Claustro de Profesorado e Consello Escolar o día 17 de outubro de 2023, de maneira que o apartado completo “3.- *Distribución lingüística curricular*” está redactado da seguinte maneira:

O centro axústase ao *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, que regula a utilización das dúas linguas oficiais no sistema educativo. Ademais das materias establecidas pola lei, o reparto das dúas linguas vehiculares, galego e castelán, queda como segue:

1º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	×	
	Lingua Castelá e Literatura	3		×
	Matemáticas	4		×
	Xeografía e Historia	3	×	
	Educación Física	3		×
	Bioloxía e Xeoloxía	3	×	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3	×	
	Tecnoloxía e Dixitalización	3		×
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		29	13	13
Materias optativa	2ª Lingua estranxeira: francés	2	***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		3	2 materias	0 materias

2º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	×	
	Lingua Castelá e Literatura	3		×
	Matemáticas	4		×
	Xeografía e Historia	3	×	
	Educación Física	3	×	
	Física e Química	3		×
	Música	3	×	
	Tecnoloxía e Dixitalización	3		×
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		29	13	13
Materias optativa	2ª Lingua estranxeira: francés	2	***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		3	2 materias	0 materias

3º de E.S.O. (LOMLOE)

MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	×	
	Lingua Castelá e Literatura	3		×
	Matemáticas	4		×
	Xeografía e Historia	3	×	
	Educación Física	2		×
	Bioloxía e Xeoloxía	2	×	
	Física e Química	2		×
	Educación en Valores Cívicos e Éticos	1	×	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	×	
	Música	2	×	
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		28	14	11
Materias optativas	Cultura Clásica	3		×
	Educación Dixital			×
	Oratoria		×	
	Cultura Financeira			×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		4	3 materias	3 materias

En 4º de E.S.O. o reparto das materias comúns é de 9 horas en galego e 7 en castelán. En canto ás restantes materias optativas, mantense un reparto case simétrico 8 materias para cada a lingua galega e 7 para a lingua castelán. A porcentaxe final para cada lingua variará en función das optativas escollidas polo alumnado.

4º de E.S.O. (LOMLOE)					
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR		
			GALEGO	CASTELÁN	
Materias comúns	Titoría	1	×		
	Lingua Galega e Literatura	3	×		
	Lingua Castelá e Literatura	3		×	
	Xeografía e Historia	3	×		
	Educación Física	2	×		
	Matemáticas A/B	4		×	
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		19	9	7	
Materias de opción	Bioloxía e Xeoloxía	3	×		
	Física e Química			×	
	Dixitalización			×	
	Tecnoloxía			×	
	Expresión Artística			×	
	Música		×		
	Latín		×		
	Economía e Emprendemento				×
	Formación e Orientación Persoal e Profesional				×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***	
2ª Lingua estranxeira: portugués	***	***			
Materias optativas	Filosofía	3	×		
	Cultura Clásica		×		
	Oratoria		×		
	Intelixencia Artificial para a Sociedade			×	
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***	
	Relixión	1	×		
	Proxecto competencial		×		
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		13	8 materias	7 materias	

En Bacharelato, no primeiro curso, nas materias comúns sen ter en conta a primeira lingua estranxeira (inglés), o reparto é ao 50%. No caso das materias de modalidade e optativas, hai 9 materias en lingua galega, e 8 en lingua castelá. A porcentaxe final para cada lingua pode variar en función da modalidade e optativas escollidas polo alumnado.

1º de Bacharelato (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Lingua Galega e Literatura I	3	✗	
	Lingua Castelá e Literatura I	3		✗
	Filosofía	3	✗	
	Educación Física	3		✗
	1ª Lingua estranxeira I: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		15	6	6

Materias de modalidade				
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas I	4	✗	
	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais		✗	
	Tecnoloxía e Enxeñería I			✗
	Debuxo Técnico I		✗	
	Física e Química			✗
Humanidades e Ciencias Sociais	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I		✗	
	Latín I			✗
	Grego I			✗
	Economía			✗
	Historia do Mundo Contemporáneo		✗	
	Literatura Universal			✗
TOTAL HORAS DAS MATERIAS DE MODALIDADE		12	5 materias	6 materias

Materias optativas				
Materias optativas	Anatomía Aplicada	4	✗	
	Antropoloxía		✗	
	Cultura Científica			✗
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Literatura Galega do Século XX e da Actualidade		✗	
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación I			✗
	Relixión		1	✗
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		5	4 materias	2 materias

En segundo curso, das materias comúns, o 75% impártense en galego e o 25% en castelán. No caso das materias de modalidade e optativas, hai 10 materias en lingua galega, e 10 en lingua castelá. Igual que sucedía no primeiro curso de bacharelato, a porcentaxe en cada lingua pode variar considerablemente en función da modalidade e optativas escollidas polo alumnado.

2º de Bacharelato (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Lingua Galega e Literatura II	3	✗	
	Lingua Castelá e Literatura II	3		✗
	Historia de Filosofía	3	✗	
	Historia de España	3	✗	
	1ª Lingua estranxeira II: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		15	9	3

Materias de modalidade				
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas II / Mat. Aplicadas ás CC.SS. II	4	×	
	Bioloxía		×	
	Debuxo Técnico II		×	
	Física			×
	Xeoloxía e Ciencias Ambientais		×	
	Química		×	
	Tecnoloxía e Enxeñería II			×
Humanidades e Ciencias Sociais	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II		×	
	Latín II			×
	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio			×
	Xeografía		×	
	Grego II			×
	Historia da Arte			×
TOTAL HORAS DAS MATERIAS DE MODALIDADE		12	7 materias	6 materias

Materias optativas				
Materias optativas	Métodos Estatísticos e Numéricos	4	×	
	Psicoloxía			×
	Cultura Científica			×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación II			×
	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia		×	
	Historia da Música e da Danza		×	
	Relixión	1	×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		5	4 materias	3 materias

Chantada, 16 de outubro de 2024.